





Un camiño de estrelas
unha cidade de cine

Guía da Produción Audiovisual

Santiago de Compostela





Índice



ÍNDICE

1.- Saúdos

2.- A cidade

2.1. Presentación	11
2.2. Historia	12
2.3. Gastronomía	14
2.4. Clima	16
2.4.1. Datos climáticos	16
2.4.2. Horas de sol	17
2.5. Diferenzas horarias	17
2.6. Usos e costumes	17
2.7. Calendario e festas	18
2.8. Relixión	19
2.9. Galicia	19
2.10. Enderezos e teléfonos útiles	20

3.- Santiago e o audiovisual

3.1. A industria audiovisual en España e en Galicia	39
3.2. A industria audiovisual en Santiago	40
3.2.1. Compostela no cine	40
3.2.2. Relación de producións cinematográficas rodadas en Santiago ...	40
3.2.3. Documentais, curtametraxes e series	42

4.- Santiago de Compostela Film Commission

4.1. ¿Onde estamos?	51
4.2. ¿Quen somos e que facemos?	51
4.3. Ámbito de actuación	52
4.4. Outras actividades de SCFC	52
4.5. Asociacións	53
4.5.1. Association of Film Commissioner International (AFCI)	53
4.5.2. Spain Film Commission (SFC)	53
4.5.3. Rede Cidades de Cine	54
4.5.4. Galicia Film Commission	54
4.5.5. Outras Film Commission en España	54
4.5.6. Asociacións do sector audiovisual en Galicia	57

5.- Manual de rodaxe

5.1. Asistencia en localizacións	61
5.2. Asistencia en rodaxe	61
5.3. Tramitación de permisos	61
5.4. Taxas municipais	61
5.5. Aparcamento	62
5.6. Catering	62
5.7. Espazos con condicións especiais para rodar	62

5.7.1. Trens e estacións de tren	62
5.7.2. Hospitais	62
5.7.3. Universidade	63
5.7.4. Aeroporto	63
5.7.5. Cemiterios municipais	63
5.7.6. Catedral, igrexas e outros centros relixiosos	63
5.7.7. Espazos particulares	64
5.8. Outros	64
5.8.1. Servizos e subministros en espazos públicos	64
5.8.2. Corte/ocupación de vía pública ...	64
5.8.3. Rodaxes aéreas	64
5.8.4. Rodaxes con paracaidistas	64
5.8.5. Rodaxes con animais	65
5.8.6. Rodaxes con armas e/ou explosivos	65

6.- Localizacións

6.1. Introducción	73
6.2. Localizacións	76

7.- Normativa Audiovisual

7.1. Producións estranxeiras	143
7.2. Transportes e aduanas	143
7.3. Seguros	144
7.4. Lexislación laboral	144
7.5. Lexislación fiscal	148
7.6. Fiscalidade	150
7.6.1. Imposto sobre actividades económicas (IAE)	150
7.6.2. Imposto sobre o valor engadido (IVA)	151
7.6.3. Imposto da renda das persoas físicas (IRPF)	151
7.6.4. Imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e operacións societarias	151
7.6.5. Dereitos da obra audiovisual	152
7.7. Dereitos de propiedade industrial	155
7.8. Dereito de imaxe	155

8.- Directorio do audiovisual

8.1. Produtoras	159
8.2. Outras produtoras galegas que rodaron na cidade nos últimos anos	166
8.3. Distribución de equipos audiovisuais e materiais de rodaxe	170
8.4. Aluguer de equipos de gravación e rodaxe	171
8.5. Posproducción de vídeo	172



8.6. Sonorización, montaxe e subtitulado ...	172
8.7. Platós	172
8.8. Escenografía, decorados e atrezzo	173
8.9. Vestiario	173
8.10. Maquillaxe e perruquería	173
8.11. Actores, figuración, público	174
8.12. Exhibición	174
8.13. FX	175
8.14. Filmacións especiais	175
8.15. Animais	175
8.16. Catering	175
8.17. Xeradores e grupos electróxicos	176
8.18. Estudos de dobraxe	176
8.19. Formación audiovisual	176

9.- Directorio de loxística

9.1. Infraestruturas e transporte	189
9.1.1. Estación de tren	189
9.1.2. Estradas e accesos	191
9.1.3. Distancias	192
9.1.4. Aeroporto	193
9.1.5. Autobuses urbanos	194
9.1.6. Estación de autobuses	194
9.1.7. Aluguer de vehículos	196
• sen condutor	196
• con condutor	197
• autocares	198
9.1.8. Mensaxería e transporte	199
9.1.9. Transporte de mercancías por estrada	200
9.1.10. Axencias de transporte	201
• transporte aéreo	202
9.1.11. Aparcar en Santiago	202
9.1.12. Taxis	204
9.1.13. Estacións de servizo	205
9.1.14. Axencias de viaxes	205
9.2. Moeda e bancos	207
9.3. Hostalería	208
9.3.1. Aloxamentos	208
9.3.2. Selección de restaurantes	215
9.3.3. Outras entidades do sector da hostalería	217

9.4. Telefonía e telecomunicacións	218
9.4.1. Teléfono	218
9.4.2. Fax	220
9.4.3. Internet	220
9.4.4. Telecomunicacións	221
9.5. Comunicación	222
9.5.1. Medios de comunicación	222
9.5.2. Axencias de publicidade e comunicación	223
9.5.3. Deseño gráfico	225
9.5.4. Fotografía	226
9.6. Servizos complementarios	228
9.6.1. Aluguer de oficinas	228
9.6.2. Inmobiliarias	229
9.6.3. Empresas de seguridade	230
9.6.4. Organización de eventos	231
9.6.5. Axencias de azafatas	232
9.6.6. Tradución, interpretación e academias de idiomas	233
9.6.7. Montaxe de stands	234
9.6.8. Reprografía	235
9.6.9. Axencias de espectáculos	235
9.6.10. Carpintería	236
9.6.11. Antigüidades	237
9.6.12. Montaxes eléctricos	237
9.6.13. Grúas	238
9.6.14. Rotulistas	238
9.6.15. Serigrafía	238
9.6.16. Pirotecnia	238
9.7. Servizos públicos	239
9.7.1. Correos e telégrafos	239
9.7.2. Electricidade, auga e lixo	239
9.7.3. Consulados	240
9.8. Servizos turísticos	241
9.8.1. Puntos de información turística	241
9.8.2. Guías turísticos	242
9.9. Contedores culturais	242

10.- Anexos

10.1. Preguntas frecuentes	255
10.2. Dicionario	257
10.3. Mapas	261



santiago de compostela film commission



Dirección: Tono Mugico

Coordinación: Yolanda Ferro



Colaboran: Dimas González, Antía Rodríguez, Trevisani S.L.

Diseña: Balsa Creatividad Publicitaria

Fotografía: Turismo de Santiago

Imprime: Axencia Gráfica





1. Saúdos





1.- Saúdos

Xosé A. Sánchez Bugallo. Alcalde de Santiago de Compostela



SANTIAGO DE COMPOSTELA, UNHA CIDADE DE CINE

Dende os albores do cinematógrafo tanto profesionais como afeccionados do medio fixaron as súas olladas en Compostela. As razóns son obvias; a nosa cidade ten infinidade de espazos que permiten aos directores artísticos e decoradores atopar os escenarios naturais que as súas historias precisan. Compostela ofrécese ao cineasta como unha cidade viva na que resulta doado recrear tempos pasados ou brindar imaxes modernas. A diversidade de estilos arquitectónicos, a maxia dos nosos recantos, as posibilidades prácticas dos nosos monumentos, as rúas, prazas, xardíns e encrucilladas evocadoras ou capaces de definir situacións... son unha permanente chamada para a creación ou recreación de secuencias para o celuloide. Filmar en Compostela é


unha garantía de bo resultado plástico de ambientación.

Aos composteláns gústanos que isto sexa así. Estamos orgullosos e satisfeitos de que a nosa cidade, do mesmo xeito que no campo das letras, dende a súa fundación, sexa na actualidade un grande espazo para as historias en soporte audiovisual. Do poema, do romance, da novela, da pintura e do gravado, Compostela pasou nunha continuidade natural á ficción cinematográfica e ao documental co que isto implica de pertencer á modernidade, de contribuír á arte e á comunicación do noso tempo. Por estas e outras razóns esforzámonos por facilitar o traballo a todos os que chegan a Compostela. Esforzámonos por convocalos e facémonos partícipes das súas empresas coa nosa comprensión e entusiasmo. Co noso apoio institucional, técnico e humano, para que continúe sendo unha cidade de cinema.

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela





O periplo cinematográfico de Santiago avala que temos un camiño de estrelas e unha cidade de cinema. Grandes directores como Buñuel, Vicente Aranda, Stanley Kramer, Michel Powell souberon aproveitar a heteroxeneidade e a riqueza das localizacións en Compostela, enclave no que a historia e a modernidade conviven de xeito harmonioso.

Dende a aparición da Santiago de Compostela Film Commission, grazas ao programa europeo “Cidades de Cinema” no que compartimos experiencias con cidades como Donostia-San Sebastián, Venecia, Tesalónica, Oporto e Salamanca fai xa preto de tres anos, non fixemos máis que confirmar as excelencias que a nosa cidade ofrece para as rodaxes. Máis de 120 producións pasaron pola nosa cidade. Filmes como *Trece Badaladas*, *Hotel Danubio*, *La promesa*, *Galatasaray-Depor*, *Romasanta* e un longo etcétera son as últimas mostras das producións nas que a Film Commission p`restou os seus servizos.


A promoción implícita que isto supón para a nosa cidade non desmerece o impacto que tivo a actividade audiovisual. Case 6 millóns de euros de impacto económico directo para as rodaxes sumado a unha industria representada con 8 platós, 4 televisións, máis de 30 produtoras, unha futura “Cidade da Imaxe”, titulacións universitarias no audiovisual e escolas concertadas en formación técnica audiovisual son o mellor aval para que a produción de calquera proxecto estea garantida.

O esforzo realizado pola Santiago de Compostela Film Commission nestes anos é a nosa mellor garantía onde se reflicte a nosa amabilidade e profesionalidade cara calquera proxecto. O resto pono esta cidade universal, única por moitas razóns e, especial para que a cámara e os focos lle saiban tirar a súa esencia.

Francisco Candela

Concelleiro de Turismo





2. A cidade





2.- A cidade

2.1.- Presentación

Ao se tratar de un municipio cun importante núcleo urbano, a humanización do espazo é intensa e crecente. Así, mentres que no ano 1945 a poboación de dereito era de 45.198 habitantes, na actualidade ascende a 94.057. Porén, estas cifras aumentan considerablemente durante o curso académico debido ao fluxo de estudantes universitarios, achegándose a poboación da cidade aos 115.000 habitantes.

Do total da poboación de dereito, 13.000 veciños viven na zona rural. A zona urbana divídese en tres ámbitos: o ensanche, con 13.000 veciños censados e uns 9.000 transeúntes; o casco histórico, con 12.000 veciños censados e 4.000 transeúntes; e os polígonos e barrios, como os de Fontiñas, Vite, Meixónfrío ou Ponte Pedriña, que se reparten o resto da poboación, en cifras que oscilan entre 2.500 e 11.000 habitantes.

Santiago de Compostela é, sobre todo, unha **cidade monumental**, unha marabilla pétrea que se foi conformando ao longo dos séculos arredor do sepulcro do Apóstolo Santiago o Maior, e que deu como resultado un dos conxuntos arquitectónicos máis espléndidos e harmónicos do mundo.

Considerada **unha das tres capitais espirituais da Cristiandade** con Roma e Xerusalén, dende a Idade Media converteuse en meta de peregrinacións relixiosas, fenómeno que daría orixe ao **Camiño de Santiago**, verdadeira columna vertebral da arte e do pensamento da que, segundo afirmou o poeta romántico alemán Goethe, nacería a idea de Europa. Grazas ó Camiño, Compostela difundiu por toda Europa as súas creacións da mesma maneira que todas as correntes da cultura europea encontraron o seu reflexo na cidade.

Santiago posúe o privilexio da conmemoración do **Ano Santo ou Xubilar**, que se celebra cando a festividade de Santiago Apóstolo (o día 25 de xullo) coincide en domingo, é dicir, cada 6, 5, 6 e 11 anos. En Ano Santo a Igrexa concede unha indulxencia plenaria, que significa o perdón da pena que merecen os pecados dos seus fieis. Os próximos anos de xubileu compostelán serán o 2010, 2021 e 2027.

Dende moi atrás no tempo, Compostela é tamén un **importante centro cultural**. Na súa **Universidade** cinco veces centenaria cursan estudos arredor de 30.000 estudantes, circunstancia que lle outorga un **carácter fresco e dinámico** que se traduce na programación de infinidade de actos culturais e festivos ao longo do ano, para os que conta con **importantes e modernas infraestruturas**. Pero a vida cultural compostelá pálpase alén das programacións oficiais: centos de concertos, representacións teatrais, exposicións e actividades de todo tipo teñen lugar nas salas alternativas, nas galerías e nos establecementos onde transcorre a **animada vida nocturna** da cidade.

Santiago de Compostela é a **capital política e administrativa** da Comunidade Autónoma de Galicia, unha comunidade histórica que posúe a súa propia lingua, o galego, e unha cultura característica. Esta capitalidade convértea en sede da Administración autonómica e de multitude de entidades e servizos relacionados con ela.

Na actualidade, Compostela segue sendo unha **cidade aberta** con vocación de lugar de encontro. Ademais de meta de peregrinación, é un **centro turístico de primeira magnitude**, cun número aproximado anual de tres millóns de visitantes, que no Ano Santo pódense triplicar. Lugar de realización de múltiples congresos, posúe unhas magníficas **comunicacións** que inclúen un aeroporto internacional, así como modernos e variados **servizos hostaleiros**.

Polo seu inigualable patrimonio arquitectónico e cultural, a cidade de Santiago de Compostela fora declarada a mediados do século pasado conxunto Histórico-Artístico e Monumento Nacional, ata que

en 1984 foi declarada pola UNESCO Patrimonio Cultural da Humanidade. Posúe **numerosos premios e distincións que recoñecen o seu labor no campo da conservación e posta en valor do seu rico patrimonio**, e ademais, o Camiño de Santiago foi declarado polo Consello de Europa Primeiro Itinerario Cultural Europeo, e Patrimonio Cultural da Humanidade pola UNESCO.

Este milagre arquitectónico de Compostela é o resultado dun proceso histórico no que os artistas de cada época foron completando e perfeccionando o existente, mantendo sempre un intenso **diálogo entre o novo e o antigo, entre o sagrado e o profano**. A consecuencia é unha cidade única que mostra os sucesivos estratos da súa formación dun modo calculado e harmónico, onde cada peza se articula coas demais para outorgarlle unha dimensión coral a todo o conxunto. A fecunda historia de Santiago agroma en cada rúa, praza e monumento.

Santiago de Compostela está situada próxima ao centro de Galicia, na zona sur da provincia da Coruña. Bañan as súas terras os ríos Sar e Sarela, ambos os dous tributarios do río Ulla e o Tambre, co seu afluente, o Sionlla. Unha serie de relevos de relativa importancia rodean o espazo urbano: os montes de Vite, Almáciga, Gozo, Milladoiro e Pedroso. Pola súa situación estratéxico-xeográfica localízase entre os dous grandes polos de desenvolvemento económico galego: A Coruña, ó norte, e Vigo, ó sur.

2.2.- Historia

As orixes

Con anterioridade ao século IX, a cidade de Santiago non existe como tal. Porén, as escavacións arqueolóxicas demostraron que no lugar que hoxe ocupa a cidade histórica asentábase na antigüidade unha vila romana que puido alcanzar unha certa importancia e que persistiu ata o século VII, durante reinado dos suevos e visigodos. Xunto ao recinto amurallado da “civitas” romana erixiuse, no século I, o mausoleo pagán que máis adiante daría orixe á catedral. Non hai dúbida de que, no mesmo século, nese mausoleo recibiron sepultura tres mártires cristiáns, nin do prolongado culto arredor do sepulcro, tal como testemuña o cemiterio cristián circundante que se utilizou ate o século VII.

A fundación da cidade

Nos primeiros anos do século IX (o ano 813 é o máis probable) o bispo de Iria Flavia, Teodomiro, por indicación dun eremita chamado Pelagio, examina o mausoleo que recoñece como o do **Apóstolo Santiago**, baseándose na tradición oral segundo a cal Santiago predicara no “finis terrae” hispano e sufrira martirio despois do seu regreso a Palestina. Os discípulos Atanasio e Teodoro trouxeron de novo o seu corpo decapitado, e para isto desembarcaron en Iria Flavia, a vinte quilómetros, e trasladárono ata o monte Libredón, onde o enterraron nunha arca de pedra, segundo conta a lenda.

O rei asturiano Afonso II trasladouse desde Oviedo con toda a súa corte e recoñeceu a existencia do sepulcro do **Apóstolo Santiago**; nese mesmo momento declarárono Santo Patrón do reino e converteron o lugar no centro dun culto capaz de aglutinar a cristiandade de Occidente fronte á expansión musulmá. A fundación da cidade dátase no ano 830. Tamén se constrúe a primeira igrexa de Santiago, un sinxelo templo que acollía no seu interior un mausoleo de época romana.

A cidade cosmopolita do Medioevo

A peregrinación a Compostela adquiriu xa desde a fundación da cidade unha grande importancia. Santiago converterase no foco espiritual da Europa occidental e en receptora de diversas correntes de cultura, pero tamén de tesouros que enriquecen o santuario. Atraídos por estes, os normandos realizaron repetidas incursións pola ría de Arousa, aínda que a invasión da cidade chegaría cos musulmáns, que, comandados por Almanzor, devastaron a urbe no ano 997, aínda que respectaron o sepul-



cro. Coa reconstrución prodúcese a primeira expansión urbana de Santiago e constrúese unha nova fortificación que define o perímetro da cidade histórica que hoxe coñecemos. No ano 1075 comeza a construción da gran **catedral románica**.

En 1099 accede ó episcopado Diego Xelmírez, o grande impulsor da sé compostelá e transformador da cidade. Figura clave da política castelá-leonesa, o seu ánimo construtor dirixiuno á catedral, ó pazo arcebispal e ás igrexas que van acoller as novas reliquias traídas por el, entre elas as de Santa Susana, segunda patroa da cidade.

É unha época de loitas entre o pobo e o señorío arcebispal, das que son protagonistas a raíña Dona Urraca, o bispo, os cóengos e abades, os cabaleiros e os burgueses. Desde o primeiro ano do seu episcopado, a construción da catedral recibe un impulso definitivo cando Xelmírez lle encarga as obras ó Mestre Estevo, que as remata en 1125. Nese intre, a catedral e a cidade medran ó mesmo tempo. Cando morre Xelmírez en 1140 a estrutura da cidade medieval, que chegou ata os nosos días, está xa definida.

En 1168 iníciase a segunda grande campaña de edificación da catedral, encargándolle as obras ao mestre Mateo, que é o artista máis importante do seu tempo na Península Ibérica. En Santiago, a súa figura está ligada a dous conxuntos monumentais da catedral: o Coro Pétreo e o **Pórtico da Gloria**. Finalizado en 1188, o Pórtico da Gloria traspasou as posibilidades estéticas da súa época e marcou novos horizontes, ate o punto de que hoxe podemos consideralo como unha das obras mestras da arte románica e universal.

No século XIII a catedral móstrase en todo o seu esplendor, atraendo cada vez a máis fieis de toda a cristiandade e reforzando as peregrinacións á cidade. Neste tempo está xa definido o Camiño Francés, o máis importante dos que chegan a Compostela. As peregrinacións dan lugar a un fenómeno decisivo na vida da cidade: a instalación dos conventos das ordes mendicantes, polo xeral nas portas da cidade. Conventos como **San Francisco**, **Santo Domingo**, **Santa Clara** ou **Belvís**, crean novos núcleos que determinan a estrutura da cidade histórica situada extra muros. Ó longo da Baixa Idade Media, Compostela foise conformando tamén como un importante núcleo industrial e comercial: rúas como a da Caldeirería, Moeda Vella, Acibecheira ou Concheiros testemuñan a existencia de gremios ricos e florecentes.

Os séculos XIV e XV foron tempos de loitas da burguesía santiaguesa contra o poder da Igrexa, mentres a mitra compostelá sofre unha importante degradación económica. A familia **Fonseca**, que lle dá tres arcebispos á cidade, rexe o seu destino desde esa época de profundas transformacións do final da Idade Media. En 1495 fúndase o Colexio de Estudantes Pobres, xerme da actual Universidade instituída por Alonso de Fonseca III en 1525. Desde ese momento, Santiago empeza a adquirir un forte carácter de cidade académica e estudiantil.

A cidade renacentista

As primeiras décadas do século XVI supoñen o comezo da transformación urbanística do núcleo monumental de Santiago, iniciada coa fundación polos Reis Católicos do Hospital Real. É a época de esplendor do Plateresco. O século XVI comeza incorporando a dimensión civil á cidade e péchase co rexurdimento das congregacións relixiosas. O Renacemento sentou as bases do extraordinario conxunto de espazos públicos dispostos arredor da basílica xacobeá, que o período barroco se encargará de completar e perfilar.

A Compostela barroca

O ano 1657 pódese considerar como punto de arranque do Barroco compostelán. A transformación urbana comeza coa reforma da catedral. Conventos, igrexas e edificios civís participan deste proceso do que xorde o rostro e o perfil urbano que hoxe admiramos. Mentres tanto, seguen os traballos orientados a converter a catedral no novo estandarte da Compostela barroca, que culminarán coa construción da fachada do Obradoiro. O episodio que pecha o ciclo barroco en Santiago é a construción do

Pazo de Raxoi, que tamén configura a praza do Obradoiro. A obra iniciouse en 1767 sobre o proxecto do enxeñeiro Carlos Lemaire, de clara inspiración clasicista.

O Neoclásico

A gran renovación dos principais monumentos de Compostela durante o período barroco puxo en evidencia o estado precario e degradado do seu tecido residencial, que mantiña en boa parte as características da época medieval. Os tempos ilustrados establecen os mecanismos concretos para levar adiante a reforma da fachada residencial da cidade, introducindo achegas decisivas para a imaxe que hoxe temos da Compostela histórica, como o lousado, as **fachadas de pedra** e as características galerías.

O século XIX

Ademais das intervencións destinadas a lle dar un maior decoro ó tecido urbano, durante o século XIX prodúcese en Santiago dúas operacións de carácter público e de forte impacto na súa fisionomía: a construción do Mercado ou Praza de Abastos e do parque da Alameda. Neste século desaparecen as murallas da cidade.

O século XX

O proxecto máis ambicioso e de maior impacto sobre a aínda embrionaria trama urbana da cidade moderna, durante a primeira metade do século XX, foi a Residencia de Estudiantes, que daría orixe ó Campus Sur. Durante as décadas dos anos 60 e 70, un tempo marcado polas tensións e especulacións inmobiliarias, a actividade construtiva da cidade vaise centrar no actual Ensanche.

Un feito histórico decisivo para a cidade de Santiago foi a constitución en 1980 da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa designación como sede da Xunta de Galicia (Goberno galego) e das institucións autonómicas, converténdose en capital política e administrativa de Galicia. Ademais, Compostela experimentou un forte impulso como cidade cultural, comercial e de servizos, impoñéndose unha redefinición do papel da cidade e das súas infraestruturas.

A Compostela do novo milenio

A dimensión que Santiago de Compostela segue a ter como cidade cultural e universitaria, e como punto de encontro para xentes de todo o mundo, alcanzou a súa concreción en diferentes intervencións urbanas que, pola súa calidade e singularidade, participan activamente no diálogo global da vangarda arquitectónica e urbanística deste novo século, como é o caso do Auditorio de Galicia, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), a Facultade de Ciencias da Comunicación, a reordenación da avenida Xoán XXIII –cunha gran marquesiña en fuga e a dársena de autobuses como actuacións destacadas, e en construción a Biblioteca pública–, o Palacio de Congresos e Exposicións, o parque de San Domingos de Bonaval, a Cidade da Cultura... que xunto cos abundantes e coidados espazos verdes, a apertura de novos espazos públicos, as esculturas diseminadas pola paisaxe urbana, etcétera fan de Compostela unha cidade na que conviven, dunha forma única, pasado e futuro. Tradición e actualidade.

2.3.- Gastronomía

Un dos maiores atractivos de Santiago constitúeo, sen dúbida, a oferta gastronómica. A cociña galega posúe unha sona practicamente universal: á coñecida calidade e variedade dos peixes (lamprea, roba-



liza, rape, linguado, pescada), súmase a do marisco do litoral galego, especialmente o da Costa da Morte. As especies máis comúns que podemos encontrar nas marisqueirías compostelás son lumbricante, lagostinos, percebes, vieiras, ameixas, ostras ou santiaguíños, entre outras (dependendo da temporada e das vedas). Algunhas delas consérvanse vivas ate o momento da súa preparación, en pequenos viveiros e acuarios expostos xeralmente na entrada dos locais, feito que constitúe unha das estampas máis características da cidade no que a gastronomía se refire. De entre todas as especies, ten especial importancia a **vieira** ou “Cuncha de Santiago”, xa que é un dos símbolos do Camiño e dos peregrinos, e por extensión da capital de Galicia. A todo iso engádeselle o atractivo dunhas carnes de exquisita preparación (destaca a denominación de orixe Tenreira Galega), en receitas de longa tradición.

Capítulo á parte merecen as sobremesas doces. O máis popular é a **torta de Santiago**, sobremesa que ten por base a amêndoa. Outros destacados son os “**Croquiños do Apóstolo**”, doces duros feitos con chocolate e froitos secos, e que lle deben o seu nome ao popular “santo dos **croques**” da basílica compostelá. As “**Pedras de Santiago**” son especialmente populares entre os que queren levar un doce recordo do seu paso por Compostela.

Non podemos esquecer os bos viños galegos, especialmente o denominado **ouro embotellado**, o Albariño, actualmente baixo a denominación de orixe Rías Baixas. Merecida mención ten tamén o popular Ribeiro, así coma os excelentes caldos de Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei, todos eles con denominación de orixe. Se preferimos outro tipo de alcol, poderemos aínda optar por algúns dos licores tradicionais, desde a popular augardente ate outros que, con base similar, engaden aromas de froitas.

Un grande número de restaurantes e cafeterías de Santiago concéntranse na zona vella, principalmente nas rúas do Franco e A Raíña. Ademais dos locais dedicados á comida tradicional galega, en Compostela existe un elevado número de establecementos que souberon conxugar con mestría as materias primas típicas con toques de **cociña de autor**, para delicia dos amantes da nova cociña. Moitas destas iniciativas foron en parte impulsadas polo Centro Superior de Hostalería de Galicia, situado na periferia.

O horario habitual de comidas, establecido socialmente, é similar ao do resto do Estado Español. Agrúpanse en catro comidas diferenciadas, de entre as que destaca a comida do mediodía como a máis importante do día, seguido da cea. É necesario observar que unha grande parte da poboación ten que axustar estes hábitos ao horario laboral. Normalmente, as cafeterías de Santiago ofrecen a posibilidade de pedir comida a calquera hora.

- Almorzo: entre as 07:00 e as 12:00 horas
- Xantar: entre as 14:00 e as 16:00 horas
- Merenda: entre as 18:00 e as 20:30 horas
- Cea: entre as 21:00 e as 24:00 horas

A cidade de Santiago cumpre, no campo gastronómico, a xeneralidade dos costumes que se integran no modo de vida occidental. E ademais están os restaurantes especializados en comidas doutras rexións e países.

Ademais do interior acondicionado dos locais, Santiago ofrece, como moitas outras cidades, a posibilidade de comer no exterior do establecemento, concretamente en terrazas instaladas nas beirarrúas.

Algúns dos restaurantes dispoñen de servizo de “*maitre*” para asesorar en diversos aspectos. Os locais adoitan reservarse o dereito de admisión dos clientes. A normativa municipal, segundo lexislación superior, permite a entrada de cans “*lazarillos*” sempre que o dono teña a documentación acreditativa. Un pequeno número de establecementos tamén facilita o acceso de cans de compañía, pero normalmente están vetados.

En canto aos prezos, todos os establecementos posúen unha lista oficial verificada pola Xunta de Galicia. De non indicalo explicitamente, a todos eles deberáselles engadir o imposto de valor engadido (IVE). É costume deixar unha pequena cantidade en concepto de propina, malia non ser obrigatorio.

2.4.- Clima

Santiago está a 260 metros sobre o nivel do mar, latitude norte 42º 52' 41" 4, lonxitude oeste 4º 51' 15" 8. Pódese considerar unha terra de transición, posto que se sitúa entre a Galicia meridional e a setentrional, e participa das características de ambas. Así, cara ó norte e cara ó leste ten trazos climáticos de interior, en tanto que cara ó sur e ó oeste, pola súa maior proximidade ó litoral, o clima é máis suave.

Por todo isto, Santiago adoita ter un clima oceánico moi húmido. A súa situación na metade setentrional da fachada atlántica é o motivo de que gran parte do ano se encontre baixo a influencia da Fronte Polar e das borrascas asociadas ó mesmo, mentres as altas presións aféctanlle durante un curto período de tempo. En consecuencia, a temperatura media anual é moderada (13º C), cunha media mínima en xaneiro de 8º C e una media máxima en xullo de 19º C.

Por outra banda, a abundancia de precipitacións é un dos trazos caracterizadores de Santiago de Compostela, e as razóns son tanto as características topográficas como a situación do concello aberto ás borrascas atlánticas. Resultado de todo isto son os máis de 1.200 mm de precipitacións anuais, distribuídas ao longo dun inverno moi chuvioso, unhas estacións intermedias chuviosas simplemente, e un verán seco.

2.4.1. Datos climáticos

MES	T	TM	Tm	R	H	DR	DN	DT	DF	DH	DD	I
XAN	7.3	10.9	3.7	270	84	18.2	0.8	0.8	3.7	5.1	4.0	103
FEB	7.8	11.6	4.0	262	82	17.3	0.8	1.4	3.5	4.1	3.0	105
MAR	9.0	13.5	4.5	182	77	16.6	0.2	1.0	3.4	2.4	3.6	145
ABR	10.3	15.0	5.6	147	78	15.8	0.2	1.3	3.6	0.7	3.0	169
MAI	12.6	17.5	7.7	138	77	15.6	0.0	1.8	5.6	0.1	2.3	199
XUÑ	15.8	21.2	10.4	77	75	9.6	0.0	1.4	5.9	0.0	4.9	234
XULL	18.1	23.9	12.4	33	74	6.4	0.0	1.0	8.1	0.0	7.4	266
AGO	18.2	23.9	12.4	44	74	7.4	0.0	0.9	8.4	0.0	5.8	251
SEP	17.0	22.4	11.7	114	75	10.1	0.0	1.1	7.5	0.0	4.8	179
OUT	13.6	18.1	9.2	193	81	14.7	0.0	1.1	6.2	0.1	3.9	151
NOV	9.8	13.6	6.0	200	84	16.6	0.0	0.9	6.0	1.7	3.2	114
DEC	7.9	11.3	4.5	256	85	16.7	0.3	0.9	4.9	3.6	4.0	95
ANO	12.3	16.9	7.7	1915	79	165.0	2.3	13.6	66.8	17.8	49.9	2010

LEENDA

- T Temperatura media mensual/anual (°C)
- TM Media mensual/anual das temperaturas máximas diarias (°C)
- Tm Media mensual/anual das temperaturas mínimas diarias (°C)
- R Precipitación mensual/anual media (mm)
- H Humidade relativa media (%)

- DR Número medio mensual/anual de días de precipitación superior ou igual a 1 mm
- DN Número medio mensual/anual de días de neve
- DT Número medio mensual/anual de días de tormenta
- DF Número medio mensual/anual de días de néboa
- DH Número medio mensual/anual de días de helada
- DD Número medio mensual/anual de días despxados
- I Número medio mensual/anual de horas de sol



2.4.2. Horas de sol

	Saída	Posta
Xaneiro	9.04	18.08
Febreiro	8.48	18.44
Marzo	8.11	19.21
Abril	8.17	20.58
Maio	7.28	21.33
Xuño	6.57	22.04
Xullo	6.57	22.16
Agosto	7.24	21.56
Setembro	7.57	21.10
Outubro	8.30	20.16
Novembro	8.07	18.27
Decembro	8.44	18.01

2.5. Diferenzas horarias

Cidade	Horas
Os Ángeles	-9
Nova Yorke	-6
A Habana	-6
Río de Janeiro	-4
Londres	-1
París	0
Varsovia	0

Cidade	Horas
Johannesburgo	0
Xerusalén	+1
Nairobi	+1
Nova Delhi	+4
Beijing	+6
Tokio	+7
Sydney	+8

CAMBIOS DE HORA AO LONGO DO ANO

O horario oficial de España, como na maioría dos países europeos, varía durante o ano: adiántase unha hora o reloxo o último domingo de marzo (cambio de hora de inverno a verán) e atrásase unha hora o último domingo de outubro (cambio de hora de verán a inverno).

2.6.- Usos e costumes

O COCHE

A meirande parte das rúas de Santiago son de sentido único para os automóviles e non se pode circular a máis de 50 km/h. En estradas ou autoestradas, os límites de velocidade son os seguintes:

- Autoestradas: **120** km/h
- Estradas nacionais: **100** km/h
- Estradas locais: **90** km/h

OS COMERCIOS

A maioría dos comercios de Santiago abren de 10 da mañá á 1?-2 da tarde, e de 4?-5 a 8-9 da noite. Algúns establecementos están abertos de forma continuada dende a mañá ata a noite, e os do centro da cidade e grandes superficies comerciais abren tamén os sábados pola tarde; no Nadal e ao comezo da tempada de rebaixas, tamén abren en domingo.

A maioría dos establecementos aceptan o pago mediante tarxetas de crédito, coas que se pode retirar diñeiro dos caixeiros automáticos. Os cidadáns non residentes na Unión Europea teñen dereito ao reembolso do imposto sobre o valor engadido (IVE) por cada compra superior a 90 euros. Esta devolución faise efectiva nos comercios co rótulo “**Tax Free Shopping**”.

2.7. Calendario e festas

Os establecementos comerciais e as empresas pechan as súas portas ao público os domingos e días festivos. Tan só aqueles domingos do ano que coinciden coas festas de Nadal ou o comezo das rebaixas as tendas están abertas ao producirse un claro aumento das vendas.

As administracións públicas teñen horario de atención ao público de luns a venres en horario de mañá (8:00 a 15:00 horas).

O mes de vacacións máis común é agosto, aínda que hai empresas que escollen xuño, xullo ou incluso setembro.

Principais días festivos

Data	Festividade	Ámbito
1 de xaneiro	Ano Novo	Nacional
6 de xaneiro	Día de Reis	Nacional
19 de marzo	San Xosé / Día do Pai	Nacional
abril	Xoves Santo	Nacional
abril	Venres Santo	Nacional
1 de maio	Festa do Traballo	Nacional
17 de maio	Día das Letras Galegas	Rexional
Maio	Ascensión	Local
25 de xullo	Santiago Apóstolo - Día de Galicia	Nacional
15 de agosto	Asunción da Virxe	Nacional
16 de agosto	San Roque	Local
12 de outubro	Día da Hispanidade	Nacional
1 de novembro	Día de Todos os Santos	Nacional
6 de decembro	Constitución Española	Nacional
25 de decembro	Natividade do Señor	Nacional

Os cursos lectivos de escolas, universidades e outros centros de formación adoitan durar desde principios de setembro/outubro ata finais de xuño ou principios de xullo.

Ano Novo: Da noite do 31 de decembro ao 1 de xaneiro a xente adoita reunirse en familia para cear. Mais tarde, moitos danse cita na Praza da Quintana e alí toman as doce uvas da sorte ao son das badaladas da Torre Berenguela (Catedral) e brindan polo novo ano. As celebracións esténdense a partir daquela por toda a cidade, prolongándose ate o amencer.

Día de Reis: Para celebrar a Epifanía do Señor, os tres Reis Magos de Oriente (Melchor, Gaspar e Baltasar) percorren a cidade nas súas carrozas facendo as delicias dos nenos e nenas que esa noite recibirán os seus agasallos.

Festas de Entroido: As festas de Entroido son época de disfraces, de desfiles e de excesos gastronómicos. As festas inclúen unha fin de semana, un luns e un martes. Este último día non se traballa pola tarde en Santiago.

Semana Santa: Durante os días da Semana Santa, en que se conmemora a paixón e morte de Cristo, saen varias procesións relixiosas que percorren as rúas da cidade en solemne desfile.

Día das Letras Galegas: Nesta xornada homenaxéase, a título póstumo, a algún autor relevante de Galicia, ao tempo que se exalta o idioma autóctono. É a festa da lingua e literatura galegas.

Festas da Ascensión: Festividade de carácter local na que se celebra a ascensión de Cristo aos ceos. Ten un marcado carácter de romaría tradicional.

San Xoán: Na noite do 23 ó 24 de xuño, a máis curta do ano, os composteláns acenden cacharelas por toda a cidade para espantar os malos espíritos ante a chegada do verán. Trátase dunha festividade cun marcado carácter máxico e simbólico.

Festividade do Apóstolo: As festas do Apóstolo son as máis importantes da cidade e de Galicia. Comezan cara mediados de xullo e teñen o seu punto culminante a noite do 24 de xullo, cun impresionante espectáculo de fogos de artificio na Praza do Obradoiro. O día 25 o Rei ou a persoa na que delegue faille a súa ofrenda ao apóstolo Santiago e funciona o célebre “botafumeiro” (un enorme incensario que voa sobre os fregueses, abalando de norte a sur polos brazos laterais do cruceiro). Nesta mesma xornada celébrase o Día de Galicia, e con tal motivo sucédense multitude de actos oficiais e lúdicos, así como manifestacións reivindicativas polas rúas máis céntricas da capital galega.

2.8.- Relixión

A relixión maioritaria en Santiago, como ocorre no resto de Galicia e do Estado Español, é o catolicismo. De feito, con Roma e Xerusalén, Santiago é un dos centros espirituais máis importantes da cristiandade. A forza do Camiño de Santiago refórzase día a día con cifras anuais de peregrinos en aumento.

2.9.- A comunidade autónoma de Galicia

Territorialmente o Estado español está organizado en 17 comunidades autónomas. Galicia é unha das chamadas comunidades históricas, con Euskadi e Cataluña, e posúe corpo normativo propio: o Estatuto de Autonomía. Os poderes da comunidade autónoma de Galicia exércense a través da Asemblea Lexislativa ou Parlamento, a Xunta de Galicia e o seu Presidente (poder executivo autonómico) e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Xunta de Galicia ten competencias transferidas desde o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para temas relacionados co mundo audiovisual, que recolle a Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia.

O concello é a unidade base de organización territorial do Estado español definida pola Constitución e polo Estatuto de Autonomía. Cada concello está rexido por un alcalde. O Concello de Santiago de Compostela ten as funcións xerais de representar os intereses do territorio e dos veciños, velar pola xestión ou execución dun conxunto de competencias e de servizos públicos, e de facilitar a participación dos cidadáns nas institucións públicas.

2.10.- Enderezos e teléfonos de interese

AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO www.santiagodecompostela.org

Teléfono [+34]

Central telefónica	Pazo de Raxoi. Plaza del Obradoiro	981 542 300
Alcaldía	Pazo de Raxoi. Plaza del Obradoiro	981 542 363
Información municipal Atención ao cidadán	Presidente Salvador Allende, 4	981 543 128 010
Oficina de Atención ao Consumidor	Presidente Salvador Allende, 6-8	981 542 314
Protección Civil	Pavillón da Trindade	981 543 105
Rexistro	Presidente Salvador Allende, 4	981 543 122
Guindastre Municipal	Rúa da Campiña	981 542 323
Obxectos Perdidos	Pazo de Raxoi. Costa do Cristo, s/n	981 543 027 9:00-14:00 h
Departamento de Tráfico	Pazo de Raxoi. Costa do Cristo, s/n	981 542 331 981 542 321
Bombeiros	Rodríguez de Viguri, 45	Urxencias 080 / 112 Administración 981 542 444
Cemiterio	Boisaca, s/n Oficina: Presidente Salvador Allende, 6-8	981 542 324

CATEDRAL/ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA www.archicompostela.org

Teléfono [+34]

Sé	Praza da Inmaculada, 1 • 15704 SANTIAGO	981 572 300
----	---	-------------

XUNTA DE GALICIA www.xunta.es

Teléfono [+34]

Centralita	Edificios Administrativos San Caetano, s/n 15781 SANTIAGO	981 545 400
Consellería de Cultura e Deporte	Edificios Administrativos San Caetano, s/n 15781 SANTIAGO	981 545 400
Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural		981 544 887
Dirección Xeral do Audiovisual		981 541 246
IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais)	Pavillón de Galicia. San Lázaro, s/n • 15891 SANTIAGO	981 577 128



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)**www.usc.es****Teléfono [+34]**

Sede Rectorado	Pazo de San Xerome. Praza do Obradoiro • 15782 SANTIAGO	981 563 100 (Central telefónica)
----------------	--	-------------------------------------

SAÚDE**Enderezo****Teléfono [+34]**

Hospital Clínico	Vidán, s/n	981 950 000
Hospital Xil Casares	Travesa da Choupana	981 950 000
Hospital Provincial de Conxo	Ramón Baltar, s/n	981 951 500
Hospital Psiquiátrico	Praza Martín Herrera, 2	981 951 900
Sanatorio Nosa Señora da Esperanza	Avda. das Burgas, 2	981 552 200
Instituto Policlínico A Rosaleda	Santiago León de Caracas, 1	981 551 200
Centro de Saúde Concepción Arenal	Santiago León de Caracas, 12	981 527 000
Centro de Saúde de Conxo	Ramón Baltar, s/n	981 522 020
Centro de Saúde de Fontiñas	Londres, 2-3	981 577 670
Centro de Saúde de Vite	Carlos Maside, s/n	981 563 743
Cruz Vermella	Avda. de Lugo, s/n	981 586 969
SERVIZO DE URXENCIAS		112

SEGURIDADE**Enderezo****Teléfono [+34]**

Garda Civil	Doiro, 25	981 581 611 062
Garda Civil-Tráfico	Doiro, 25	981 582 266
Policia Municipal	Pazo Raxoi - Praza do Obradoiro	981 542 323
Policia Nacional	Rodrigo de Padrón, 3	981 581 944
Policia Autonómica	Roma (Fontiñas)	981 546 474
URXENCIAS		112

AVARÍAS**Enderezo****Teléfono**

Auga (Aquagest)	Vía de Nobel, 10. Polígono do Tambre	981 574 942
Electricidade (Unión Fenosa)	Xeneral Pardiñas, 12	981 147 200
Iluminación Pública (Daviña)	Vía Faradai, 19	981 519 860
Gas (Gas Galicia)	Santiago de Chile, 27-29	900 750 750

Alguns centros socioculturais e asociacións de veciños

CENTROS	Enderezo	Teléfono [+34]
C. Sociocultural Aurelio Aguirre (Conxo)	Plaza de Aurelio Aguirre, 1	981 528 740
C. Sociocultural José Saramago (Vite)	Carlos Maside, 7	981 543 178
C. Sociocultural de Fontiñas	Berlín, 13	981 528 745
C. Sociocultural da Trisca	Bispo Teodomiro	981 554 523
ASOCIACIÓNS (por barrios)		
A Gracia (San Caetano) Presidente: José Ramón Sánchez Atán	Lugar de San Silvestre, 6	687 918 257
A Rosaleda (Ensanche) Pte: Antonio Mariño Iglesias	Antonio Casares, 1	981 566 488
A Xuntanza (San Pedro) Pte: Estrela Fernández Silva	Corredoira das Fraguas, 37, baixo	606 985 280
Amigos de San Pedro Pte: Regina Quiñoy Taboada	San Pedro, 30	981 589 513/ 615 468 348
Álvaro Cunqueiro (Vista Alegre) Pte: Nelson García Veloso	Bispo Diego Peláez, 7, baixo	981 566 126/ 981 581 970
Aqualume (Galeras) Pte: Xosé Canedo Santos	Galeras, 13	981 576 288 699 076 574
As Brañas de Andrés (Pelamios) Pte: Dolores Alende Cea	Pelamios, 44, 1º	981 586 234
As Fontes (Fontiñas) Pte: Elvira Vence Cisneros	Varsovia, 4C, 4º	981 577 220
As Hortas Milenarias (Hortas) Pte: Manuel Gesto González	Hortas, 44, 2º	981 585 410
Camión de Santiago (Bando) Pte: Antonio R. Fernández González	Coto dos Olmos, 19	981 582 319
Cardenal Quiroga (A Ponte Pedriña) Pte: Constantino Silva Picallos	Samos, 6, baixo	981 575 417/ 606 069 190
Compostela Vella (Zona Monumental) Pte: José A. López Fernández	Santa Cristina, 22, baixo	981 562 758 616 842 431
Conxo (Conxo) Pte: Manuel Boquete Alvarelllos	Avda. de Ferrol, 2, 2ºE	649 235 413
Francisco Asorey (Almáciga) Pte: Manuel Méndez Bello	Travesa dos Basquiños, 7 B	981 582 707 616 209 735
Monte do Gozo (San Lázaro) Pte: Xermán Hermida Noval	Muíña, 63. San Lázaro	981 565 260 981 560 318
Polígono de Vite (Vite) Pte: Alfredo Pedro Santomil García	Avda. de Castelao, 22, baixo	981 586 331 981 573 942
Pontepedriña (A Ponte Pedriña) Pte: Pablo Castro Wagner	Amor Ruibal, 26	981 590 217
Raigame (Ensanche) Pte: Xaquín Mato Castro	Plaza de Vigo, 1, 1ºC Nova de Abaixo, 10	981 599 451
Río Sarela (San Lourenzo) Pte: Fernando Peleteiro Fernández	Rúa de San Lourenzo, 2	981 586 021 655 267 348
Sar (Sar) Pte: Juan José Álvarez Carril	Sar, 45	981 595 049
Vista Alegre (Vista Alegre) Pte: Ramón Prol Guede	Camión de Lermo, 3, 3º A	981 573 083





Panorâmica desde a Alameda

Praza do Obradoiro





Vidriera da Catedral





Detalle da igrexa de Salomé

Peregrino desde Bonaval





Praza do Obradoiro

Solpor en Santiago





Parque de Bonaval



Claustro de Fonseca



Faculdade de Ciências da Comunicação, edifício de Álvaro Siza


Avenida Mestre Mateo





Auditorio de Galicia







Torre da Catedral





Dársena Avenida Xoán XXIII

Catedral a contraluz





Obradoiro nocturno








Reflexo da Catedral

Torre de Fonseca desde as escaleiras da Catedral





3. Santiago e o audiovisual





3.- Santiago e o audiovisual

3.1.- A industria audiovisual en España e en Galicia

A industria audiovisual é, para a sociedade actual, a principal fonte de información, ocio e cultura. No sector, a cinematografía xoga un papel transcendental ao dotar de imaxes a cultura dun pobo e transmitir ao mesmo tempo valores e tradicións.

O cine é, sen ningunha dúbida, a canle que usa o director para expresar un sentimento, unha idea, ou tratar de influír no espectador; e é por iso que, observando a evolución do cine, non veremos máis ca un reflexo da evolución da sociedade en cada momento e das pegadas que foron deixaron os acontecementos no director.

O progreso audiovisual constitúe un dos trazos definitorios da modernidade en toda Europa. Todos os elementos que conforman o sector, ademais de xerar un grande volume de negocio e de emprego directo e indirecto, contribúen á creación dunha identidade cultural propia e ao desenvolvemento das distintas comunidades.

Ao longo dos seus máis de cen anos de historia, o cinema en España experimentou unha notable transformación progresiva. De ser unha industria case insignificante, hoxe é o cuarto país europeo no “ranking” de produción cinematográfica, despois de Francia, Italia e o Reino Unido.

As longametraxes españolas alcanzaron unhas porcentaxes moi superiores ás feitas nos decenios dos oitenta e noventa, en canto a cota de pantalla, recadación e entradas vendidas. A pesar de que as cifras aínda non chegan ao nivel doutros países europeos como Francia, pódese afirmar que hoxe en día o cinema español é unha industria consolidada, cun amplo abano de temas, xéneros e estilos.

Por outra parte, o cinema español mantén vínculos moi estreitos coas industrias cinematográficas europeas e latinoamericanas, tal como demostra o alto índice de coproducións anuais con estes e outros países.

Galicia ten moito que dicir na historia do cine español, non só pola achega de profesionais que se inscriben en todos os campos da industria, senón tamén por ser un decorado amplamente utilizado nos máis diversos títulos nacionais. Como é natural, para poder dar una visión do cine en Galicia, convén ter ben presente a evolución do cine español, dado que os aspectos socio-económicos, políticos e xeográficos estatais supuxeron en todo momento unha condición determinante para o desenvolvemento dunha cinematografía galega.

Durante os anos oitenta e principios dos noventa, Galicia estivo por debaixo doutras comunidades históricas en canto ao número de películas realizadas. Para o conxunto da industria, Galicia era un escenario moi apetecible, pero as produtoras que xurdiron naqueles momentos eran de tipo modesto e incluso familiar, é dicir, empresas de capital escaso, con pouca ou nula capacidade para acceder aos mercados interiores ou exteriores, e a maior parte delas dependentes de recursos alleos.

Fronte a estes obstáculos, a cinematografía galega experimenta a partir dos anos noventa un continuo crecemento, que a converteu nun exemplo de profesionalismo, innovación tecnolóxica e madurez, ate tal punto que máis do 30% das produtoras galegas son posteriores a 1995. Así mesmo, os produtos realizados nos últimos quince anos mostran unha enriquecedora heteroxeneidade e un avance importante no dominio da linguaxe do medio. *O bosque animado*, da produtora Dygra, por poñer un exemplo, foi a primeira película europea de animación dixital.

O mercado audiovisual galego atópase actualmente nun momento decisivo da súa evolución. Despois de numerosas transformacións tecnolóxicas e estruturais, o sector xa se sitúa entre os piares básicos do desenvolvemento económico e cultural da comunidade.

Agora, o grande desafío consiste en promover o coñecemento de Galicia alén das súas fronteiras e consolidar o sector para que este sexa capaz de producir entre oito e dez longametraxes ao ano. O incremento progresivo da partida orzamentaria para o sector audiovisual na Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, así como os acordos subscritos entre a Televisión de Galicia e a Asociación Galega de Produtores Independentes para a realización de obras audiovisuais nos próximos anos, e a posta en marcha do programa europeo Media Plus (2001-2005) sentan as bases para que o soño sexa posible.

3.2.- A industria audiovisual en Santiago

O sector audiovisual móvese nun medio complexo, internacionalizado e moi competitivo. O mercado global europeo esíxelles ás empresas e aos seus empresarios estar ao día, saber reciclarse e competir con innovación.

Froito de todo isto os produtores independentes, conscientes da inevitable necesidade de asociarse, crearon asociacións de produtores como FAPAE, AGAPI, ANEPA, IBAIA o AGALPA, que conseguiron estimular a produción e fortalecer a presenza do sector no ámbito internacional. Nos últimos anos establecéronse e creáronse produtoras e empresas de servizos para a produción na capital de Galicia, feito que, unido a unhas excelentes situacións, a unha potente infraestrutura e a unha política municipal comprometida co sector, fan de Santiago un lugar fácil, cómodo e económico para rodar.

3.2.1.- Compostela no cinema

Polas súas especiais características históricas, arquitectónicas e culturais, a cidade de Santiago de Compostela desempeñou un papel de considerable importancia ao longo da historia do cinema galego e nacional. Directores tan prestixiosos como Luis Buñuel, Michael Powell, Stanley Kramer ou Vicente Aranda escolleron a cidade como marco para algunhas das súas películas. Ademais, Compostela tamén serviu de escenario a moitas producións documentais e publicitarias.

3.2.2.- Relación de producións cinematográficas rodadas en Santiago

- **La casa de la Troya**, de Alejandro Pérez Lugín e Manuel Noriega. Troya Films. España. 1924
- **Estudiantina** (In Gay Madrid), de Robert Z. Leonard. MGM. USA 1930
- **La casa de la Troya**, de Juan Vila Vilamala e Adolfo Aznar. Vila Films. España. 1936
- **La gran barrera**, de Antonio Sau Olite. Ediciones Cinematográficas Kinefon. España. 1947
- **Sabela de Cambados**, de Ramón Torrado. Suevia Films. España. 1948
- **Tiempos felices**, de Enrique Gómez. Dayna Films. España. 1950
- **El pórtico de la Gloria**, de Rafael Julián Salvia. Suevia Films. España. 1953
- **Viento del norte**, de Antonio Momplet. CIFESA. España. 1954
- **Orgullo y pasión** (The Pride And The Pasión), de Stanley Kramer. Stanley Kramer Pictures-United Artist. USA. 1956
- **Luna de miel**, de Michael Powell. Michael Powell-Suevia Films. Gran Bretaña, España. 1958
- **Sonatas**, de Juan Antonio Bardem. UNINCI S.A-Producciones Barbachano Ponce. España-México. 1959



- **La casa de la Troya**, de Rafael Gil. Cortal Films. España. 1959
- **Cotolay**, de José Antonio Nieves Conde. Midega Films S.A. España. 1965
- **Operación Plus Ultra**, de Pedro Lazaga. Pedro Masó P.C. S.A.-Filmayer Producción S.A. España. 1966
- **El bordón y la estrella**, de León Klimowsky. Procinsa. España. 1966
- **La vía láctea** (La Voie Lactée), de Luis Buñuel. Serge Siberman, Greenwich Film Production-Fraia Film. Francia-Italia. 1968
- **Juan y Junior en un mundo diferente**, de Pedro Olea. Cinematográfica Ronte-CEPICSA. España. 1968
- **La chica de los anuncios**, de Pedro Lazaga. Pedro Masó P.C.-CB Films. España. 1968
- **El ángel**, de Vicente Escrivá. Aspa P.C. España. 1969
- **Más allá del río Miño**, de Ramón Torrado. Argumento Films. España. 1969
- **Con la música a otra parte**, de Fernando Merino. Hesperia Films-Tito's Films-Atlantis Films. España. 1970
- **En la red de mi canción**, de Mariano Ozores. PICASA-Cesáreo González P.C. S.A. España. 1971
- **La novia ensangrentada**, de Vicente Aranda. Morgana Films S.A. España. 1972
- **La campana del infierno**, de Claudio Guerín Hill. Hesperia Films S.A. España-Les Films la Boetie. 1973
- **Volveré a nacer. El pozo**, de Javier Aguirre. Benito Perojo S.A., P.C.-Producciones Escorpión. España-México. 1973
- **La joven casada**, de Mario Camus. Impala S.A. España. 1975
- **Una abuelita de antes de la guerra**, de Vicente Escrivá. España. 1975
- **A contratiempo**, de Oscar Ladoire. Ópera Films. España. 1981
- **La vieja música**, de Mario Camus. José Luís Olaizola e Félix Tusell para Brezal P.C. , Estela Films e Anem Films. España. 1985
- **La hora bruja**, de Jaime de Armiñán. Serva Films S.A.-TVE. España. 1985
- **Divinas palabras**, de José Luís García Sánchez. Ion Films-Xunta de Galicia. España. 1987
- **No hagas planes con Marga**, de Rafael Alcázar. Rafael Alcázar P.C. España. 1988
- **Martes de carnaval**, de Fernando Bauluz e Pedro Carvajal. Jaime Fernández Gil, Margen S.A., Cartel S.A., Xunta de Galicia. España. 1991
- **El juego de los mensajes invisibles**, de Pilar Sueiro e Luis de la Fuente. Atlántico Films S.A. España. 1991
- **Ni en sueños**, de Alber Ponte. Producciones Sierra Madre.1994
- **Enredando a la gente**, de Eder Santos. Brasil. 1995
- **Nena**, de Xavier Bermúdez. Xamalú Filmes, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, TVG, Canal + España. España. 1997
- **Lisboa Os Angeles – Sem Destino**, de Rui Goulart. Portugal. 1998
- **La rosa de piedra**, de Manuel Palacios. Continental Producciones S.A. e Canal +. España. 1999
- **Illegal**, de Ignacio Vilar. Vía Láctea Films. España. 2000
- **El lápiz del carpintero**, de Antón Reixa. Morena Films, Portozás Visión, Sogecine, TVG e Telemadrid. España. 2001
- **Trece campanadas**, de Xavier Villaverde. Continental Producciones S.A., Tornasol, Castelaio Producciones, Ensueño Films, TVG. España. 2002
- **Secuestrados en Georgia**, Gustavo Balza. Portozás Visión. 2002
- **Hotel Danubio**, Antonio Giménez Rico. 2002
- **Sara**, Silvia Quer. 2002
- **La promesa**, Héctor Carré. Pórtico Producciones. 2004
- **Romasanta**, Paco Plaza. Filmax. 2004
- **El desenlace**, Juan Pinzás. Atlántico Films, España. 2004

- **Saint Jacques**, Colin Serran. Telema, Francia. 2004
- **Residencial Caribe**, Ángel Peláez. Directo/Casen, España-Cuba. 2004
- **Chapapote... o no**, Ferrán Llagostera. C.P.I., S.A. España. 2005
- **Galatasaray - Depor**, de Hannes Stöhr. Moneypenny / Filmanova, España-Alemania 2004
- **Somme**, de Isidro Ortiz. Lotus Films / Vaca Films. España. 2005
- **Bruder III**, de Wolfgang Mumberger. Dor Filmproduktion, Austria. 2005
- **Poland Nights**, de Martin Gavreu. Levelgate, Canadá. 2006

3.2.3.- Documentais, curtametraxes e series

A relación de longametraxes filmadas en Santiago de Compostela é abundante, pero máis numerosa aínda é a de outras obras audiovisuais coma o documental e a curtametraxe, que aumentan mes a mes as súas rodaxes na cidade. Unha pequena selección destas son:

Documentais

- **Santiago, la Atenas de Occidente**, de José Gil. España. 1910
- **Compostela, ciudad universitaria**, Carlos Serrano de Osma. SEU. 1944
- **Misa en Compostela**, Ana Mariscal. CIFESA. España. 1948
- **La catedral de Santiago de Compostela**, Javier González Álvarez. EUROFILMS. España. 1958
- **Jacobeo**, Lorenzo Velayos. España. 1980
- **El pórtico de la Gloria**. Rafael de la Cueva. España. 1991
- **Camiños de busca**. Mara Gutiérrez. España. 1999
- **O camiño**. Lois Celeiro. España. 1999
- **Seis miradas en Compostela**. V.V.A.A. España. 1999
- **Outra música en Compostela**. Xosé Luis Ledo Andión. España. 2000
- **Ad Finisterrae**. Cresset Communications. Holanda. 2004
- **Entre el cielo y la tierra**. Nobel Audiovisual/TVE. España. 2004
- **El Camino mágico**. Tesouro/TVE. España. 2004
- **El Camino de Santiago. Recursos y costos en la Edad Media**. Sagrera TV/ ZDR- Arte. España/Alemania. 2005
- **Rutas de España**. Concepto, Interactividad, Narratividad. España. 2005
- **Panorama Europe**, 0927 Productions. Francia. 2004
- **Travels and Traditions**. Burt Wolf Productions. EEUU 2005
- **Esta es mi tierra**, TVE, España 2005
- **In Search of Wine**, Rubikon / Czech Television. República Checa. 2005
- **La Strada**, Kyodo TV. Japón. 2005
- **The Europe Show**, IWC Media / BBC. Reino Unido. 2005
- **Amanecer de la Gaia**, NHK. Japón. 2005
- **Historias**, Canal Historia, Me cortas ese plano. España. 2006
- **Ciudades Atlánticas, Patrimonio Mundial**. RTP. Portugal. 2006
- **Ciudades para el siglo XXI**. TVE. España. 2006
- **Oi mundo afora**. KN Video. Brasil. 2006
- **La buena vida**. Tellus Vision. Suecia. 2006
- **Las claves del románico**. TVE. España. 2006



Curtametraxes

- **Macana de Dote Ché**, Miguel Castelo. España. 1991
- **Cual dos extraños**, Alber Ponte. España. 1991
- **O camiño das estrelas**, Chano Piñeiro. España. 1993
- **Aproba**, Alfonso Zarauza. España. 1995
- **A todo tren**. Lidia Mosquera. España. 1995
- **Amor serrano**. Luis Liste. España. 1999
- **Esperando**. Alber Ponte. España. 2004
- **Hermanos**. Oskar Bilbao. España. 2004
- **Coco y bobo, un paso por las nubes**. José Díaz. España. 2004
- **Redondeo**, Pablo Iglesias. España. 2004
- **Vozka y chocolate**, Eric Lavignase, Clermond Films. España. 2005
- **Ana**, Javier Varela Sampayo, Amateur, España. 2005
- **Retrato**, Jairo Iglesias, España. 2005
- **Lobos**, de Dani de la Torre. España. 2004
- **Bos días**, de Dani de la Torre. España. 2005
- **Catarsis**, de Ghaleb Jaber. España. 2005
- **Run and Look**, Matteo Servente. Italia. 2005
- **Te quiero mal**, Mireia Giró. España. 2005
- **En teoría**, de Lidia Fraga. España. 2005
- **Bichos raros**, de Alegría Collantres e Estíbaliz Burgaleta. España. 2006

Series de Televisión

- **Pratos combinados**
- **Rías Baixas**
- **Un mundo de historias**
- **Avenida de América**
- **As leis de Celavella**
- **Os Tonechos**
- **Libro de Familia**
- **Maridos e mulleres**
- **Pepe o inglés**



Cartel Festival Cineuropa





Escena da película O Lapis do Carpinteiro

Curtocircuito na Rúa. Festival Internacional de Cortos





Gala de clausura do Festival Internacional de Curtas. Curtocircuito 05

Proxección na Praza de Abastos. Curtocircuito na Rúa.







Making of de Te quiero mal. Gañador de Compostela Plató 2005



Making of de Galatasaray - Depor

Making of de Galatasaray - Depor





4. Santiago de Compostela Film Commission (SCFC)





4.- Santiago de Compostela Film Commission (SCFC)

4.1.- Ónde estamos

A cidade de Santiago de Compostela e a súa comarca (de case 200.000 habitantes en 700 km²) está situada no Estado Español, ao noroeste da península ibérica, na provincia galega da Coruña. A cidade emprázase ao pé mesmo do monte Pedroso e o Monte Viso, e está arrodeada polos regatos Sar e Sarela. Santiago de Compostela está a 260 metros sobre o nivel do mar, mais moi preto da costa; a vila de Noia, a 36 quilómetros de Compostela, é a poboación costeira máis achegada á cidade. Santiago de Compostela é a capital de Galicia, a sede da Arquidiocese, do distrito xudicial e do partido xudicial homónimos, ademais de constituír un dos centros culturais máis importantes do país.

Santiago de Compostela e a súa comarca ofrecen un amplo abano de localizacións únicas, singulares e de gran beleza que as converten en referencias para a rodaxe e gravación de todo tipo de producións audiovisuais: cinema, televisión, publicidade, fotografía artística, etc. Santiago de Compostela é, ademais, un referente para a organización de eventos audiovisuais pola calidade e comodidade das súas actuais infraestruturas.

4.2.- Quen somos e qué facemos

Santiago de Compostela Film Commission é unha oficina de promoción audiovisual sen ánimo de lucro e con vocación de servizo público fundada no ano 2002 polo Concello de Santiago de Compostela, organismo do que depende. O seu principal obxectivo é promover a cidade a través do fomento da cultura da imaxe, así como estimular e consolidar a industria cinematográfica e audiovisual e todos os servizos que dela se derivan.

A súa sede atópase en:

Rúa do Vilar, 68, 1º

15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

Tel: +34 981 580 499

Fax: +34 981 554 128

E-mail: scfc@santiagoturismo.com

Web: www.compostelafilm.com

Responsable: Francisco Candela. Concelleiro de Turismo do Concello de Santiago.

Coordinación executiva: Tono Mugico. Xefe da Área de Novos Produtos e Comunicación de Turismo de Santiago.

Administración y Convenios: Ignacio Múgica. Xefe da Área de Administración de Turismo de Santiago.

Contacto: Dimas González Bennett (operativa de rodaxes)

As súas funcións básicas son:

-facilitar as relacións das produtoras audiovisuais cos servizos e instalacións da industria na cidade proporcionando toda clase de asesoramento e información ó respecto

-tramitación de permisos

-servizo de asistencia en rodaxes

-servizo de busca de localizacións

-permanente relación coa comunidade, as compañías produtoras e o goberno

Como contrapartida, todas as producións que recibiran a colaboración da oficina da Santiago de

Compostela Film Commission deberán facer constar nos títulos de crédito o nome de Santiago de Compostela Film Commission, Concello de Santiago de Compostela e Turismo de Santiago de Compostela, así como das entidades públicas ou privadas da cidade que tamén teñan colaborado na rodaxe.

Santiago de Compostela Film Commission asume un carácter cultural e de promoción económica do que se deriva toda unha política de adquisición, conservación e arquivado de material audiovisual sobre a cidade e a súa comarca, coa idea de crear no futuro un museo cinematográfico audiovisual, así como organizar seminarios, reunións, congresos, ciclos de cinema e outros acontecementos.

4.3.- Ámbito de actuación

O ámbito de actuación é a comarca de Santiago, que comprende os seguintes concellos:



COMARCA DE SANTIAGO

Web: www.comarcasantiago.com

CONCELLO DE AMES

Tel: 981 883 002

Fax: 981 883 925

E-mail: gabinete@concellodeames.org

CONCELLO DE BRIÓN

Tel: 981 509 908

Fax: 981 887 431

E-mail: casacultura@infobrion.com

Web: www.infobrion.com /

www.concellodebrion.org

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Tel: 981 513 052

Fax: 981 513 000

E-mail: correo@boqueixon.dicoruna.es

Web: www.personal.redestb.es/c.boqueixon

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel. 981 542 300

Fax: 981 542 430

E-mail: info@santiagodecompostela.org

Web: www.santiagodecompostela.org

CONCELLO DE TEO

Tel: 981 815 700

Fax: 981 809 401

E-mail: conce@teo.dicoruna.es

Web: www.concelloteo.com

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

Tel: 981 889 000

Fax: 981 889 100

E-mail: informatica@valdodubra.dicoruna.es

Web: www.dicoruna.es

CONCELLO DE VEDRA

Tel: 981 814 612

Fax: 981 503 331

E-mail: correo@vedra.dicoruna.es

Web: www.concellodevedra.com

4.4.- Outras actividades de SCFC

Ademais das actuacións propias dunha Film Commission, SCFC ten en proxecto o desenvolvemento doutras actividades relacionadas co mundo audiovisual para converter Santiago nun punto de referencia, tanto para a industria como para o cidadán. Charlas, coloquios, conferencias, ciclos de cine, exposicións, mercados, festivais... as posibilidades son numerosas, e a SFCC pretende ser un dinamizador deste tipo de actividades na cidade.

–Nesta liña, SCFC creou **Curtocircuíto**, o festival internacional de curtametraxes de Santiago de Compostela que comeza no verán e esténdese aos primeiros meses do outono, e ten vocación de erixirse na gran cita anual da curtametraxe na península. Curtocircuíto é nome do festival e un pro-



xecto da SCFC, o Concello de Santiago e Incolsa-Turismo de Santiago. Con esta iniciativa preténdese dar o pulo definitivo a unha plataforma de promoción da creatividade audiovisual, a través da exhibición de proxectos no campo da videocreación, ficción, documental e animación no formato curtametraxe a nivel internacional. Completan un intenso programa conferencias, mesas redondas, talleres e concertos nos que a curta é a protagonista e Santiago, a localización perfecta.

- Dirección e coordinación do programa de iniciativa comunitaria Cidades de Cinema financiado polo programa Interreg III C na cidade de Santiago.
- Elaboración de planos de promoción. Asistencia a Festivais (Berlín, Cannes, Venecia, San Sebastián, Locations en Sta. Mónica – Los Ángeles, Broadcast Trade Show de Londres).
- Organización e asistencia a diferentes coloquios e conferencias.
- Creación de informes de impacto económico das rodases na nosa cidade.

4.5.- Asociacións

4.5.1.- Association of Film Commissioner International (AFCI)

Santiago de Compostela Film Commission pertence á Association of Film Commissioner International (AFCI). A integración neste prestixioso organismo internacional ten por obxecto o incremento cualitativo e cuantitativo da proxección internacional de Santiago de Compostela. Ser membro de pleno dereito da AFCI supón cumprir cos estándares que marca esta asociación, garantindo así a calidade dos servizos da Film Commission.

4.5.2.- Spain Film Commission (SFC)

Spain Film Commission é a entidade que agrupa ás Film Commissions e Film Offices máis importantes que operan en España. Constituíuse o 26 de marzo de 2001 na sede do Instituto de Ciencias e Artes Audiovisuais (ICAA).

Os obxectivos de Spain Film Commission parten do interese xeral por establecer criterios comúns para:

- a - O fomento e desenvolvemento do sector produtivo cinematográfico, audiovisual e multimedia
- b - A promoción do territorio español como espazo escénico
- c - A coordinación, cooperación e colaboración nas accións desenvolvidas por cada unha das Film Commissions
- d - A participación da Asociación como axente autónomo en foros de debate, comisións de análise normativa, consellos reguladores, institucións representativas, etcétera.

Sede operativa:

SPAIN FILM COMMISSION

Presidente: Carlos Rosado

Coordinadora executiva: Piluca Querol

Avda Matemáticos Rey Pastor y Castro, s/n

Pabellón Canal Sur - Isla de la Cartuja

41092 Sevilla

Tel: +34 954 467 310

Fax: + 34 954 461 516

E-mail: info@andaluciafilm.com

Web: www.andaluciafilm.com

4.5.3.- Rede Cidades de Cinema

A Rede Cidades de Cinema é unha iniciativa liderada polos concellos de Santiago, San Sebastián e Salamanca, que nace no marco da designación desta última urbe como “Cidade Europea da Cultura do Ano 2000”. O proxecto agrupa as cidades de Venecia, Tesalónica, Porto, Salamanca, Donostia-San Sebastián e Santiago de Compostela, e deséñase coa finalidade de articular a cooperación intermunicipal para promover a cultura e identidade propias destas cidades a través da súa produción audiovisual. A idea é desenvolver instrumentos comúns que lle sirvan á industria para reducir custes, e que ao mesmo tempo sitúen competitivamente a estas cidades no mercado internacional coma centros receptores de grandes producións.

Cidades de Cinema desempeña o mesmo cometido que unha Film Commission, coa peculiar diferenza en canto á súa estrutura, xa que integra diferentes oficinas situadas nas cidades que participan no proxecto. Web: www.film-cities.com

4.5.4.- Galicia Film Commission

Santiago de Compostela Film Commission traballa en estreita colaboración con Galicia Film Commission, que pertence ao Consorcio Audiovisual de Galicia, dependente da Dirección Xeral do Audiovisual da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.

GALICIA FILM COMMISSION

Hórreo, 61 - 1ª planta

15702 Santiago de Compostela

Tel: +34 981 957 183

Fax: +34 981 954 847

E-mail: info@galiciafc.org

Web: www.galiciafc.org

4.5.5.- Outras Film Commission en España

Unha das ferramentas imprescindibles para o desenvolvemento da industria audiovisual son as Film Commission ou Oficinas de Promoción Audiovisual, que son entidades de carácter público destinadas a facilitar o acceso das produtoras locais, nacionais ou internacionais a toda aquela información útil e necesaria na toma de decisións referente á realización dunha rodaxe ou outras actividades audiovisuais nun determinado territorio.

Membros de Spain Film Commission

ANDALUCÍA

ANDALUCÍA FILM COMMISSION

Creada en 1999, con domicilio en Sevilla

Titularidade pública: RTVA

Director: Carlos Rosado

Coordinadora: Piluca Querol

Avda. Matemáticos Rey Pastor y Castro s/n

Palabellón Canal Sur

41092 Isla de la Cartuja, Sevilla

Tel: + 34 954 467 310

Fax: + 34 954 461 516

info@andaluciafilm.com

www.andaluciafilm.com

CARMONA FILM OFFICE

Creada en 1999

Titularidade pública: Ayuntamiento de Carmona

Director: Juan Ignacio Caballos

Coordinadora: Paula Moreno Robledo

Alcázar de la Puerta Sevilla, s/n

41410 Carmona, Sevilla

Tel: + 34 954 190 955

Fax: + 34 954 190 080



turismo@carmona.org
www.turismo.carmona.org

JEREZ FILM COMMISSION

Creada en el 2000
Titularidade pública: Instituto de Promoción y Desarrollo de la Ciudad
Director: José Antonio Carmona Otero
Coordinador: José Luis Jiménez García
Plaza Arenal, Edf. Los Arcos, baixo
11403 Jerez
Tel: + 34 956 999 864
Fax: + 34 956 999 867
direccion@jerezfilm.com
info@jerezfilm.com
www.jerezfilm.com

MÁLAGA FILM OFFICE

Creada en maio de 2001
Titularidade pública: Concello de Málaga
Director: Salomón Castiel
Coordinadora: Rocío Verdes
Ramos Marín, 2 -1º
29012 Málaga
Tel: + 34 952 224 907
Fax: + 34 952 603 698
info@malagafilmmoffice.com
www.malagafilmmoffice.com

SEVILLA FILM OFFICE

Creada en setembro de 2003
Titularidade pública: Concello de Sevilla
Director: Eduardo Corcuera
Coordinadoras: Lala Obrero y Celine Rambaud
Granada, 2 - 2º
41001 Sevilla
Tel.: + 34 954 501 444
Móbil: + 34 625 151 056
Fax: + 34 954 223 879
sevilla-film-office@sevilla.org
www.sevilla-film-office.com

ARAGÓN

ZARAGOZA FILM COMMISSION

Creada en 2005
Titularidade pública: Concello de Zaragoza,
Concellería de Cultura
Responsable: Félix Zapatero
María Zambrano, 2
50018 Zaragoza
Tel: + 34 976 748 900
Fax: + 34 976 748 900

logomedia@terra.es
www.zaragozafilmcommission.com

BALEARES

BALEARES FILM COMMISSION

Director: Pablo Azorín
Commissioner: Antonio Rami Alós
Julià Bujosa Sans, batle, 1
07184 Calvià, Mallorca
Tel: + 34 971 139 162
Fax: + 34 971 139 161
arami@calvia.com

CANARIAS

GRAN CANARIA FILM COMMISSION

Creada en 2002
Titularidade pública: Patronato de Turismo de Gran Canaria
Departamento de Promoción
Director: Ignacio Moll de Alba Mendoza
León y Castilla, 17
35003 Las Palmas de Gran Canaria
Tel: + 34 928 219 604
Fax: + 34 928 219 612
jaleman@grancanaria.com
www.grancanaria.com

TENERIFE FILM COMMISSION

Creada en 2001
Titularidade pública: SPET - Turismo de Tenerife S.A. (Cabildo de Tenerife)
Directora: Antje Groch
Contacto: Concha Díaz
Sociedad de Promoción Exterior de Tenerife
Alcalde José Emilio García Gómez, 9
38005 Santa Cruz de Tenerife
Tel: + 34 922 237 871
Fax: + 34 922 237 872
film@webtenerife.com
www.tenerifefilm.com

CASTILLA Y LEÓN

BIERZO FILM COMMISSION

Creada en febreiro de 2001, con domicilio en Ponferrada
Titularidade pública: Consejo Comarcal del Bierzo
Director: Valentín Carrera
Iglesia de Calo, 24
15895 Teo, Santiago de Compostela
Tel: + 34 626 983 021

Fax: + 34 981 548 238
valentincarrera@infonegocio.com

SALAMANCA FILM COMMISSION

Creada en el 2002
Titularidade pública: Concello de Salamanca
Responsable: Enrique Cantabrana
Casa de Postas, Plaza Mayor nº 32, 1ºA
37001 Salamanca
Tel: 923 27 24 08, Fax: 923 27 24 07
sfc@salamancafilmcommission.com
www.salamancafilmcommission.com

CATALUÑA

BARCELONA/CATALUNYA FILM COMMISSION

Creada en 1996, con domicilio en Barcelona
Titularidade pública: Concello de Barcelona
(Instituto de Cultura)
Directora: Julia Goytisolo
Palau de la Virreina
La Rambla, 99
08002 Barcelona
Tel: +34 93 301 77 75
Fax: +34 93 316 10 30
bcnfilm@mail.bcn.es
www.barcelonaplato.bcn.es

TERRASSA FILM OFFICE

Creada en 2002
Titularidade pública: Concello de Terrassa
Director/Xerente: Joan Rovira
Localizacións – Servizos – Administración: Pedro Clavería
Marketing - Promoción: Olga Cabús
Parque Audiovisual Terrassa-Barcelona
Carretera BV 1274, km 1
08225 Terrassa, Barcelona
Tel: +34 93 735 00 17 – 93 735 20 64
Fax: +34 93 735 00 13
terrassafilmmoffice@terrassa.org
pere.claveria@terrassa.org
www.terrassaudiovisual.com

COMUNIDAD VALENCIANA

CIUDAD DE LA LUZ FILM COMMISSION

Creada en el 2001
Titularidade pública:
Persona de contacto: Emilio J. Alhambra
Avenida de Maisonnave, nº7 plantas 6º y 7º.

03003 Alicante
Tel: +34 965 121 222
Fax: +34 965 227 470
ciudaddelaluz@ciudaddelaluz.es
www.ciudaddelaluz.com
www.ciudaddelaluzfc.org

EXTREMADURA

EXTREMADURA DE CINE

Creada en 2003
Titularidade pública: Fundación Santos de Maimona e Gobierno rexional.
Coordinadora: Mónica Gallego
C/ Narciso Puig, 6 - 1ºC
10.003 Cáceres
Tel: +34 927 2610 75
Fax: +34 927 26 10 09
www.extremaduradecine.org
info@extremaduradecine.org

GALICIA

GALICIA FILM COMMISSION

Creada en el 2001
Titularidade pública: Consorcio Audiovisual de Galicia, Xunta de Galicia
Responsable: Nacho Varela
Persoa de contacto: Blanca Castro Velasco
Hórreo, nº 61-1ª planta.
15702 Santiago de Compostela
A Coruña
Tel: 981 957 182
Fax: 981 545 847
info@galiciafc.org
www.galiciafc.org

SANTIAGO DE COMPOSTELA FILM COMMISSION

Creada en el 2002
Titularidade pública: Concello de Santiago de Compostela, Turismo de Santiago- Incolsa
Rúa do Vilar nº 68, 1º
15705 Santiago de Compostela
Tel: +34 981 580 499
Fax: +34 981 554 128
Responsable: Francisco Candela (Concelleiro de Turismo)
Coordinación executiva: Tono Mugico
Administración e convenios: Nacho Múgica
Operativa de rodaxes: Dimas González
www.compostelafilm.com
scfc@santiagoturismo.com



MADRID

MADRID FILM COMMISSION

Creada en 2003
Titularidade: Comunidade e
Concello de Madrid
Contacto: Manuel Soria
Luis Buñuel, 2 - 2ªA
Edificio EGEDA
Ciudad de la Imagen
Pozuelo de Alarcón
28223 Madrid
Teléfono: +34 91 518 65 22
Fax: +34 91 518 65 64

PAÍS VASCO

DONOSTIA-SAN SEBASTIÁN FILM COMMISSION

Creada en el 2002
Titularidade pública: Ayuntamiento de Donostia-San Sebastián
Director: Eukén Sesé Sarasti
Coordinadora: Lorea Hernández Hurtado
Ijentea 6, 20.003 Donostia-San Sebastián
Telf: +34 943 48 19 08
Fax: 943 48 16 69
filmcommission@donostia.org
www.sansebastianfilmcommission.com

4.5.6.- Asociacións do sector audiovisual en Galicia

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL (AGA)

Pintor Sotomaior, s/n
15001 A CORUÑA
Tel: 981 227 701
Web: academiagalegadoaudiovisual.com
E-mail: info@academiagalegadoaudiovisual.com

AEGA (Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual)

Plaza de Vigo, 2, baixo
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 599 599
Fax: 981 594 812
E-mail: administracion@aega.tv

AGAPI (Asociación Galega de Productoras Independentes)

Mónaco, 7, baixo A
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 577 747
Fax: 981 564 322
E-mail: agapi@agapi.org
Web: www.agapi.org

AIISGE (Artistas Intérpretes - Sociedad de Gestión)

Monte dos Postes, 14 baixo
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA A Coruña
Tel: 981 552 765
Fax: 981 570 386
Web: www.aisge.es
E-mail: aisge.scompostela@aisge.es

CGAI (Centro Galego das Artes da Imaxe)

Durán Loriga, 10, baixo

15003 A CORUÑA
Tel: 981 203 499
Fax: 981 204 054
Web: www.cgai.org
E-mail: info@cgai.org

CLÚSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO

Polígono Novo Milladoiro Rúa Oliveira, nave 96B
15896 AMES A Coruña
Tel: 981 53 59 18 - 981 94 17 92
E-mail: cluster@clusteraudiovisualgalego.com
Web: www.clusteraudiovisualgalego.com

CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

Hórreo, 61 - 1º
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 545 098
Fax: 981 545 847
E-mail: info@consorcioaudiovisualdegalicia.org
Web: www.consorcioaudiovisualdegalicia.org

CREA (Directores e Realizadores Asociados de Galicia)

José González Chas, 19-21, 6º B
15009 A CORUÑA
Web: www.galiciacrea.com
E-mail: manumallo@galiciacrea.org

EGEDA (Entidad de Gestión de Derechos de los Productores Audiovisuales)

C/ Mónaco, 7, baixo A
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 562 344
Fax: 981 562 366
Web: www.egeda.es

ICEX (Instituto Español de Comercio Exterior)

Avda. Praza de Compostela, 29 - 2º

36201 VIGO

Tel: 986 441 240

Fax: 986 432 048

Web: www.icex.es

SGAE (Sociedad General de Autores y Editores)

Delegación Xeral de Galicia:

Federico Tapia, 13, 1º esquerda

15005 A CORUÑA



Tel: 981 121 187

Fax: 981 120 932

E-mail: jvidal@sgae.es

Web: www.sgae.es





5. Manual de rodaxe





5.- Manual de rodaxe

Santiago de Compostela Film Commission ofrécelles aos profesionais do sector audiovisual, nacional e internacional, toda a información, apoio e asesoramento necesarios para o correcto desenvolvemento das producións cinematográficas que decidan rodar na cidade compostelá ou na súa comarca. O noso principal obxectivo é facilitar o traballo destas empresas e, a través dos nosos múltiples servizos, convertelo nunha tarefa fácil e económica. A oficina non só se encarga de conseguir todos os permisos de rodaxe necesarios ao longo da produción, senón que tamén funciona como un punto de información completo e efectivo sobre a cidade, ademais de servir de conexión co sector audiovisual e outros servizos auxiliares: aloxamento, catering, posprodución, etc.

5.1.- Asistencia en localizacións

SCFC dispón de un amplo abano de información no tocante ás moitas localizacións que comprenden o seu ámbito de acción. A nosa extensa base de datos recolle imaxes variadas de todas elas en diferentes situacións de luz e climatolóxicas, a fin de que os localizadores poidan valoralas desde unha perspectiva o máis versátil posible. Esta base de datos está dispoñible on-line na nosa páxina web e tamén en soporte papel nas nosas oficinas.

Ademais, o persoal de SCFC axuda os localizadores asesorándoos e informándoos da viabilidade de rodar en diferentes espazos, en función das necesidades concretas da película. Este servizo inclúe a organización de visitas guiadas de localización sempre que se avise con suficiente tempo de antelación.

5.2.- Asistencia en rodaxe

Todas as empresas produtoras que o desexen poderán dispoñer dos servizos de polo menos un dos nosos técnicos durante a rodaxe da produción, co fin de servirlle de asesoramento ao equipo e/ou solucionar calquera inconveniente que puidera xurdir. Este servizo é completamente de balde e voluntario.

5.3.- Tramitación de permisos

SCFC encárgase persoalmente de tramitar os permisos necesarios para rodar en aquelas localizacións que previamente se escolleran. Para isto só é necesario encher dous formularios: un de carácter xeral, no que ten que constar a información sobre a compañía produtora, unha descrición do proxecto con datos orzamentarios, o número aproximado de persoal técnico e artístico e os elementos técnicos que se empregarán durante a filmación; e outro referido ao lugar no que se desexa rodar ou ao servizo que se solicita. Ambos os formularios pódense obter tanto na páxina web de SCFC como na propia oficina.

5.4.- Taxas municipais

A taxa de rodaxe establecida polo Concello de Santiago para todos aquelas rodaxes, independentemente da súa natureza, que teñan lugar en terreos de uso público é de **360 € ó día**, en concepto de ocupación de espazo público.

Porén, gozarán dunha **bonificación do 50%** da débeda tributaria aquelas rodaxes cinematográficas ou similares que acrediten debidamente que o produto resultante contribúe de modo destacado á promoción da cidade de Santiago de Compostela, e se faga constar a colaboración do Concello da cidade nos créditos e na promoción dos filmes. Para isto, as produtoras deberán redactar unha breve carta onde se expoñan claramente as razóns polas que o seu proxecto beneficiaría a imaxe pública da cidade e dos seus cidadáns.

5.5.- Aparcamento

O departamento de Tráfico encárgase da ordenación da circulación na cidade, mediante o establecemento da sinalización horizontal e vertical, da rede de semáforos, do control do aparcamento de superficie, acceso restrinxido á zona monumental, mantemento e instalación de postes, etcétera. Tráfico encárgase tamén de sopesar as necesidades de aparcamento dos vehículos da rodaxe e expedir os permisos correspondentes de acordo con elas. SCFC axiliza o traballo dos equipos de produción asumiendo ela mesma a tarefa de xestionar as solicitudes co departamento de Tráfico.

Débese ter en conta que certas rúas, sobre todo na zona monumental, son tan estreitas ou tan profundas en densidade circulatoria que impiden o aparcamento dun determinado número de vehículos. Por isto, recoméndase consultar con algún representante da nosa oficina antes de decidirse por unha localización concreta.

5.6. Catering

En Santiago existen varias empresas especializadas en proporcionarlles servizos de catering ás rodaxes cinematográficas. Porén, á hora de rodar nas rúas da cidade hai que ter en conta que non está permitido organizar este tipo de servizo na vía pública. As compañías produtoras deberán procurarse un local achegado á zona de rodaxe para tal efecto.

5.7.- Espazos con condicións especiais para rodar

SCFC está en contacto directo e constante con numerosas entidades públicas e privadas coas que ten, ou terán nun futuro próximo, un convenio de cesión de edificios e espazos para rodaxes. A oficina encárgase tamén de obter estes permisos e negociar a súa cesión gratuita e con desconto.

5.7.1.- Tren e estacións de tren

Para proxectos que inclúan escenas en tren e estacións de tren, ademais dos formularios correspondentes, é necesario preparar unha carta na que se recollan os detalles da produción. SCFC encárgase de tramitar os permisos correspondentes. As taxas de rodaxe establecidas por RENFE varían dependendo do tipo de estación, o tempo de ocupación e a complexidade do rodaxe. Os permisos outórganos directamente os organismos competentes. Neste tipo de rodaxes é importante ter en conta que debido á lexislación vixente sobre dereitos de imaxe, non se pode rodar en trens con pasaxeiros. Polo tanto, para realizar unha rodaxe de tales características é necesario alugar un vagón para uso exclusivo do equipo e dispoñer de figurantes que fagan de pasaxeiros.

5.7.2.- Hospitais

Xa que a dinámica de rodaxe podería resultar prexudicial para o repouso e o benestar dos pacientes, os hospitais móstranse cada vez máis remisos a permitir a filmación de obras audiovisuais nas súas instalacións. Porén, dependendo de cada caso particular, é posible que se fagan certas excepcións



sempre e cando a produtora se adapte ás condicións preestablecidas pola dirección do centro. Estas condicións nos son sempre as mesmas e varían segundo a situación do propio hospital.

5.7.3.- Universidade

Desde un primeiro momento, SCFC mantivo unha estreita relación coa Universidade de Santiago de Compostela, organismo que participou de maneira especialmente activa na súa creación. Por isto, a pesar de que antes de rodar nas instalacións da universidade é preciso informarse do calendario docente e de se se pode rodar sen interromper as actividades normais, SCFC é o intermediario perfecto para axilizar os trámites e negociar os permisos, aínda que a dirección do centro correspondente é quen establece as normas e outorga os permisos.

5.7.4.- Aeroporto

Para rodar **nas instalacións** do aeroporto internacional de Santiago-Lavacolla requírese unha autorización previa da dirección do mesmo. Para obtela, hai que remitirle un informe detallado das escenas que se queren rodar, incluíndo número de persoas, equipamento técnico, horas de rodaxe previstas, etcétera. A dirección do aeroporto encárgase de analizar e autorizar as peticións, aplicando as seguintes tarifas:

Filmaciones y grabaciones cinematográficas

845,09 € (sen IVE)	As primeiras dúas horas
405,64 € (sen IVE)	Cada hora adicional ou fracción

Reportaxes Publicitarias e Fotográficas

202,82 € (sen IVE)	Por cada reportaxe
--------------------	--------------------

As filmacións e gravacións **en pista ou plataforma** sufrirán un recargo do **300%**, e estarán sempre suxeitas ás disponibilidades operativas do aeroporto. Calquera filmación de aeronaves deberá ter a oportuna autorización da compañía aérea correspondente. Cando as filmacións impliquen a utilización doutros servizos, subministracións ou consumos, estes facturaranse á parte.

5.7.5.- Cemiterios municipais

SCFC encárgase de xestionar os permisos para rodar no **cemiterio municipal** de Boisaca. A empresa concesionaria “Funeraria Apóstol S.A.” é, porén, quen outorga estas autorizacións. Está absolutamente prohibido rodar nas cámaras destinadas ós velorios de defuntos e nas cámaras mortuorias municipais.

En Santiago hai, ademais, varios **cemiterios privados** pertencentes a igrexas, coma o de San Francisco ou o de San Domingos de Bonaval. A obtención de permisos nestes casos segue o mesmo procedemento que o empregado para rodar en catedrais, igrexas ou outros centros relixiosos.

5.7.6.- Catedral, igrexas e outros centros relixiosos

Para rodar na catedral de Santiago de Compostela, en calquera igrexa ou en outros centros relixiosos (católicos) da cidade, é necesaria a autorización do Arcebispado, que despois de valorar a proposta, previo envío dunha copia do guión, outorgará ou non o permiso. SCFC fai ás veces de intermediario entre a Igrexa e as compañías produtoras e, así mesmo, ofrece asesoramento a estas últimas en función das necesidades de cada produción en particular.

5.7.7.- Espazos particulares

SCFC dispón dun amplo directorio de propietarios de espazos privados dispostos a prestar os seus bens inmobles para rodaxes cinematográficas. A nosa oficina asume a función de interlocutor entre os produtores e os propietarios, negociando reducións nos prezos de ocupación.

5.8.- Outros

5.8.1.- Servizos e subministración en espazos públicos

As produtoras, ademais das taxas de rodaxe, teñen a obriga de abonar os gastos dos servizos (policía local, bombeiros, limpeza...) e subministracións (electricidade, auga, gas...) que se deriven das rodaxes realizadas nas rúas ou infraestruturas da cidade.

5.8.2.- Corte/ocupación de vía pública

Os proxectos que requiran o peche ou a ocupación dunha ou máis rúas e aqueles que impidan o acceso de peóns a calquera lugar da vía pública deben solicitar os servizos da Policía Local, que actuará de acordo coas directrices do departamento de Tráfico da cidade. SCFC encárgase de notificarlle ó departamento todo o referente á rodaxe e xestionar a obtención destes servizos.

5.8.3.- Rodaxes aéreas

Todas aquelas producións que teñan previsto rodar un ou máis planos desde un avión, helicóptero ou similar adecuaranse á normativa de aviación civil vixente. De acordo con ela, excepto en caso de despegue e aterraxe, prohibese o voo de avións por debaixo das seguintes altitudes:

- **SOBRE ÁREAS CONGESTIONADAS** dunha cidade, vila, colonia ou calquera espazo onde se reúnan persoas, a unha altitude de 1.000 pés (uns 300 m) por enriba do obstáculo máis alto nun radio horizontal de seiscentos metros do avión.
- **SOBRE OUTRAS ZONAS** voarase a unha altitude de 150 metros por enriba da superficie, excepto sobre mar aberto ou áreas conxestionadas. Nestes casos, o avión non pode operar por debaixo de 150 metros de altitude en dirección a unha persoa, embarcación, vehículo ou estrutura.

O voo sobre cidades de máis de 50.000 habitantes (como é o caso de Santiago de Compostela) só é posible con aparatos biturbina. Ademais, é absolutamente necesario terlle comunicado ao centro de control do aeroporto de Santiago-Lavacolla un proxecto de voo detallado para que teñan constancia do aparato nos seus radares. Un voo xa planificado non poderá cambiarse baixo ningunha circunstancia sen a aprobación do piloto e/ou o coordinador aéreo. Este coordinador será designado por Lei Gobernamental ou polo piloto xefe designado para a rodaxe.

5.8.4.- Rodaxes con paracaidistas

Todos os saltos serán dirixidos de acordo coas leis de Aviación Civil. Os paracaidistas que participen na escena ou escenas deberán posuír o carné da asociación profesional de paracaidistas ou presentar evidencia da experiencia necesaria segundo a cualificación da U.S.P.A (United States Parachute Association). Aos paracaidistas que teñan o carné USPA de clase D e unha alta cualificación permitiráselles a aterraxe dentro de zonas conxestionadas, sempre supervisados por un coordinador aéreo.



5.8.5.- Rodaxes con animais

A lei 1/93 de 13/04/93 (publicada el 22/04/1993) de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro regula os principios xerais de respecto, protección e defensa aos seres vivos na comunidade galega. De acordo con ela, queda prohibida a utilización de animais naquelas rodaxes que poidan ocasionarlles danos, sufrimentos ou facelos obxecto de tratamento antinatural.

5.8.6.- Rodaxes con armas e/ou explosivos

Hai unha serie de normas que teñen que ter en conta as compañías produtoras antes de rodar unha escena que, por esixencias do guión, requira o uso de armas de fogo ou de explosivos. En primeiro lugar, as armas que se empreguen, xa sexan detonadoras ou de fogueo, deberán estar inutilizadas e non ser aptas para facer fogo real. Se se utilizan en estado de funcionamento normal, estas armas só se poderán usar con munición de fogueo e deberán estar debidamente documentadas de acordo coa súa categoría.

En España, o organismo encargado de conceder as licencias de uso de armas é o departamento de intervención de armas e explosivos da Garda Civil. Os mestres armeiros de cada produción cumpren habitualmente todos os requisitos que este organismo solicita, a fin de que lle sexa concedido o permiso, pero non por isto hai que se esquecer de informar ao titular do espazo onde se vai realizar a gravación, que deberá dar a súa autorización, e para evitar posibles contratempos e malentendidos, tamén interesa informar ás autoridades competentes (policía local, autonómica...) e na medida do posible, aos veciños do lugar. O transporte de explosivos estará rexido polas leis de circulación e tráfico.

SCFC encargarase de facilitarlles ás produtoras a obtención dos debidos documentos acreditativos para o uso de armas de fogo e/ou explosivos, en plató ou localizacións, sempre e cando a seguridade estea garantida por técnicos en efectos especiais debidamente cualificados.



Estación de tren







Rodaxe de Somne

Somme









Hotel Danubio

Rodaxe aéreo





6. Localizacións





6.- Localizacións

6.1.- Introducción

Clasificar e ordenar os posibles lugares da rodaxe ou localizacións pode ser unha tarefa ardua e pódese amosar de moitos xeitos, todos probablemente acertados. Na SCFC optamos por unha lóxica espacial. Organizamos unha pequena mostra fotográfica e clasificámola por zonas diferenciando por barrios, zona monumental, zonas do Ensanche, prazas, etc., co único criterio de dar a coñecer unha pequena mostra das nosas localizacións.

Ben é certo que dentro de esta lóxica espacial se poden distribuír unhas subcategorías que se acheguen cada vez máis ao que as rodaxes procuren. Diferenciar igrexas, mosteiros, interiores de exteriores, fontes, escadas, fachadas, perspectivas, etc sería un traballo complicado que nunha guía de produción entendemos non ten sentido.

Sirva como alicerce esta clasificación, para comprender mellor o potencial audiovisual da nosa cidade para as localizacións. Complementario a esta clasificación existe o apoio do motor de busca da nosa web www.compostelafilm.com de visita obrigada, na que se oferta unha clasificación máis detallada con algúns exemplos para cada subcategoría. Sumado a isto non podemos esquecer o **tour virtual** que complementa dun xeito moi visual esta clasificación, e os motores de busca de localizacións que tamén se poden visitar na web.

En todo caso é importante lembrar que a SCFC oferta o servizo de busca de localizacións, e o trato personalizado será, neste sentido, sempre máis efectivo para atopar o que cada proxecto requira. O que nesta guía está feito pode servir de orientación, o que amosa a web como detalle, e a SCFC como instrumento definitivo para atopar a localización desexada.

ZONA MONUMENTAL

Santiago de Compostela dispón dunha das cidades monumentais máis fermosas e mellor conservadas de Europa. De fotoxenia asegurada, a Compostela “intramuros” ofrécelle ao profesional unha ampla gama de localizacións, onde o peso da historia e o misterio do seu brumoso clima achéganlle ao proxecto audiovisual un valor engadido.

Prazas

As prazas da Compostela monumental son moitas e moi variadas, cada cal coa súa propia personalidade. Desde a espectacularidade de prazas como as do Obradoiro ou A Quintana, ata o recollemento de escondidas prazas máis pequenas como a dos Gatos ou a das Campás de San Xoán.

Rúas

Andar polas rúas da zona monumental de Santiago é perderse nun labirinto de pedra que non deixa de sorprendernos a cada paso. Desde rexias rúas porticadas franqueadas por pazos e igrexas, como a Rúa do Vilar ou a Rúa Nova, ata ruelas estreitas e agochadas aos ollos dos non iniciados, como a de Salsepodes ou a de Entrerrúas.

Edifícios

A zona vella está configurada por rúas, prazas e edificios que se poderían considerar como un compendio da historia da arte. Aínda que se trata dunha cidade medieval revestida de Barroco, o certo é que podemos encontrar todos os estilos arquitectónicos. Desde o Románico grandioso, tanto na súa

vertente relixiosa (interior da catedral) como civil (Pazo de Xelmírez) ata o máis recollido e íntimo como na igrexa de San Fiz de Solovio, ou a de Salomé. O Gótico ten varios expoñentes como a igrexa de San Domingos de Bonaval (relixioso) ou a casa do rei Don Pedro (civil). Renacemento, Barroco, Plateresco, Neoclasicismo, todos os estilos foron deixando a súa pegada a través dos séculos en singulares edificacións: conventos, igrexas, pazos, facultades universitarias, bibliotecas...

Aínda que o estado de conservación xeral do casco histórico é excelente, hai edificios abandonados ou nun estado ruinoso que poden ser de interese para certas producións.

Mención a parte merecen os interiores de mosteiros, claustros, escalinatas, pazos, facultades, bibliotecas, museos. A condición de cidade universitaria desde hai máis de cincocentos anos dotouna de espazos académicos de singular interese, como centenarias bibliotecas (Biblioteca América, Biblioteca da Facultade de Historia), aulas magnas, paraninfo, etcétera. A súa condición de cidade cultural dotouna de magníficos espazos arquitectónicos ao longo dos séculos, que tanto poden ofrecer interiores evocadores de tempos pasados, sólidos e rotundos, coma o mosteiro de San Domingos de Bonaval, que comparte emprazamento, e sen disonancias, co Centro Galego de Arte Contemporánea, un moderno edificio de Álvaro Siza que posúe interiores liviáns e de gran pureza de liñas.

Hostalería e comercio

A oferta hostaleira da Compostela monumental é moi variada, malia que se poida dicir que na maioría dos casos conserva o sabor do emprazamento onde se encontra. Desde o luxo do Hostal dos Reis Católicos ata o espartano dunha pensión barata. Desde elegantes restaurantes a humildes tascas. Desde centenarias cafeterías a buliciosas tabernas. Desde autóctonos pubs de son folk á modernidade máis vangardista coas últimas tendencias. O granito e a madeira son un sinal de identidade destes locais, xa que na súa maioría están situados en espazos centenarios, coma as cortes dos cabalos dun antigo pazo.

Como punto final dun camiño de peregrinación que facía confluír en Santiago axentes de toda Europa, a actividade comercial de Compostela ten unha tradición de máis de mil anos. A organización medieval en gremios chegou ata os nosos días, e así, rúas e prazas coma Praterías, Acibechería, Caldeirería posúen tendas e pequenos talleres por actividades. Comercios con aires vetustos coma tendas de sombreiros e cererías conviven con modernos espazos para os deseños de primeira liña. E decimonónicas sastrerías a medida coa moda máis actual.

ENSANCHE

Santiago de Compostela son dúas cidades. Dous núcleos urbanos claramente diferenciados: a zona monumental e o Ensanche. Mentres na primeira o transcorrer dos séculos foi deixando a súa pegada; na segunda, a urxencia da explosión urbanística dos anos 60 creou un despropósito arquitectónico que, porén, pode resultar moi atractivo para determinadas localizacións. É unha zona netamente urbana, dinámica, moderna, cun tráfico denso de vehículos e persoas, rutilantes escaparates, luces de neon e apesurados executivos.

En lugares coma a Praza Roxa ou a Praza de Vigo, o “feísmo” urbanístico alcanza o seu máximo esplendor para mofa do que busque unha estética destas características. As rúas son rectas, estreitas e franqueadas por altos edificios. Os baixos destes edificios albergan, en moitos casos, modernos comercios e locais de hostalería de deseño vangardista.

Recentemente fíxose un esforzo por humanizar certas rúas, coma Alfredo Brañas, a rúa da Rosa, ou Xeneral Pardiñas, dotándoas de amplas beirarrúas, moblaxe urbana de deseño e materiais de primeira calidade, ofrecendo no seu conxunto un resultado atractivo, urbano e actual.



ZONAS VERDES

Santiago de Compostela conta con dous millóns de metros cadrados de zonas verdes estratéxicamente situadas. A decimonónica Alameda ofrécenos varios itinerarios desde os cales contemplar a catedral e a zona monumental ou o Campus sur, desde unha perspectiva privilexiada. A Alameda está coroada pola “carballeira” de Santa Susana, unha poboada carballeira que custodia unha bucólica ermida. Os campus universitarios (norte e sur) son tamén privilexiados espazos verdes salpicados de facultades, colexios maiores e outros edificios de interese. Os parques de Bonaval, Belvís ou da Música son só algunhas das posibilidades en canto a zonas verdes urbanas que ofrece a cidade, cada unha delas co seu estilo e currunchos irrepetibles.

OS BARRIOS

Lindando coa área urbana atópanse localizacións nas que se vén representados o pasado, o presente, o futuro e a natureza. Os conventos de Conxo ou Belvís transportánnos a tempos pasados. O presente transcorre con máis liberdade en calquera dos barrios que circundan a cidade: entre modernos ou remocicados e tradicionais, urbanos e rurais, conflictivos e tranquilos. Hai que destacar o barrio das Fontiñas, levantado completamente na década dos noventa. Nel encontramos Área Central, enorme edificio que alberga vivendas, comercios e oficinas. As súas rúas cubertas e a súa descomunal praza interior invitan a emplacementsos de cámara suxestivos.

O futuro está materializado nunha serie de excepcionais edificios que se levantaron recentemente. A facultade de Ciencias da Comunicación, o Auditorio de Galicia, o Pazo de Congresos, o Multiusos do Sar, o Hospital Clínico Universitario levan a sinatura de prestixiosos arquitectos internacionais e son, incluso, referencia obrigada da arquitectura contemporánea.

Compostela está rodeada de natureza. Desde calquera parte da cidade vese o monte Pedroso, que posúe frondosos piñeirais cheos de estreitos sendeiros, e desde o seu cume contéplase unha excepcional panorámica da cidade e os seus contornos. Os ríos Sar e Sarela ofrecen bucólicas paisaxes, e a non máis de dous quilómetros encontramos pequenas aldeas nas que parece que o tempo se detivo, e nas que é difícil de imaxinar que estamos tan preto dunha capital.

INFRAESTRUTURAS

Aínda que cargada de historia, Santiago é unha cidade moderna na que non faltan os atributos propios dunha capital do seu tempo: aeroporto internacional, estacións de ferrocarril e autobuses, autoestrada, polígono industrial... Do medievo ó século XXI sen saír da cidade.


Santiago de Compostela é mundialmente famosa pola súa zona monumental, sen embargo as posibilidades que ofrece para unha produción audiovisual van moito máis alá. É difícil encontrar un abano tan amplo de localizacións nunha soa urbe.

COMARCA

A comarca de Santiago amplía aínda máis as localizacións que o municipio santiagués ofrece. Ames, Boqueixón, Teo, Val do Dubra, e Vedra dispoñen de un contorno claramente rural que complementa as localizacións de Santiago con típicas postais de arquitectura rural e natureza.

6.2.- Localizacións

Arredores



Fachada casa de campo con enredadeira

Detalle campestre





Paisaxe rural

Paisaxe fluvial. Río Tambre





Panorámica Castro de Baroña. Porto do Son

Detalle do Castro de Baroña. Porto do Son





Cemiterio de Iria Flavia

Ponte Maceira





Barca de pedra no estanque do Pazo de Oca







Dunas de Corrubedo

Paseo de oliveiras do Pazo de Ribadulla





Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso

Consellería de Medio Ambiente





Centro Sociocultural da Trisca, de John Hejduk





Complexo SERGAS-IGAPE-IGAES, de Andrés Perea

CGAC, de Álvaro Siza





Detalle do CGAC

Escola Galega de Administración Pública (EGAP), de Carlos Meijide





Dársena de Xoán XXIII, de Albert Viaplana e Helio Piñón







Faculdade de Ciências da Comunicação, de Álvaro Siza

Interior da Faculdade de Ciências da Comunicação





Interior das Torres de John Hejduk. Cidade da Cultura de Galicia

Parlamento de Galicia, de Andrés Reboredo





Torres John Hejduk. Cidade da Cultura de Galicia



Avenida de Ferrol. Barrio de Conxo

San Lázaro





As Fontiñas

Vista Alegre





Vite

Mestre Mateo





Biblioteca de América

Biblioteca da Faculdade de Ciencias da Comunicação







Avenida Mestre Mateo

Rúa da Rosa





Fachada en Curros Enríquez

Rúa do Hórreo





Praza Roxa





Escalera das Praterias



San Domingos de Bonaval

Parque Carlomagno, nas Fontiñas





Convento de San Francisco

Paseo Central da Alameda





Escalinatas do Campus Universitario Sur

Galeria C5





Terminal do aeroporto de Santiago

Palacio de Congresos





Interior do Auditorio de Galicia. Sala Ángel Brage

Praza de Abastos





Interior Teatro Principal





Hostal dos Reis Católicos

Hotel NH Obradoiro





Gran Hotel Santiago



Hotel Puerta del Camino

Trip San Lázaro





Alameda de Santiago

Parque de Bonaval





Carballeira de San Lourenzo

Casa de Europa. Parque de Vista Alegre





Parque da Música en Compostela

Palco da música na Alameda





Parque Carlomagno, nas Fontiñas

Granza do Xesto



Zona Monumental

Catedral



Pórtico da Gloria

Panorámica desde a Alameda





Fachada do Obradoiro

Nave central da Catedral



Claustros



Claustro de Fonseca

Claustro da Catedral





Claustro de San Francisco



Claustro de San Roque



Claustro do Hostal dos Reis Católicos

Claustro do Hostal dos Reis Católicos





Casa da Parra

Convento de Santa Clara





Pazo de Raxoi

Hostal dos Reis Católicos





Mosteiro de San Martiño Pinario

Pazo de San Xerome. Reitorado Universidade de Santiago





San Domingos de Bonaval

Pazo de Bendaña. Fundación Eugenio Granell





Fachada de Fonseca



San Fiz

San Francisco





San Fructuoso

Igrexa de Salomé





Igrexa de Santa Susana

Interior de San Domingos de Bonaval





Interior de San Domingos de Bonaval



Interior da Colexiata de Sar



Colexiata de Sar

Coro de San Martiño Pinario





Baldaqino de San Martiño Pinaro



Fachada da igrexa de San Martiño Pinario

Interior de San Francisco





Praza de Cervantes



Praza do Obradoiro



Praza do Toural



Praza da Quintana

Praza de Mazarelos. Detalle de galerías





Praza da Inmaculada



Costa do Cristo

As Trompas





Algalia de Arriba

As Hortas





Rúa Nova

Nocturna da Rúa Nova







Rúa do Vilar

Xoán XXIII





7. Normativa audiovisual





7.- Normativa audiovisual

7.1.- Producións estranxeiras

As produtoras estranxeiras que desexen instalarse en España dispoñen de varias alternativas para formalizar a súa situación. En primeiro lugar, aquelas compañías pertencentes á UE teñen a posibilidade de establecerse de maneira provisional en España previa inscrición no rexistro de Facenda, para o cal é necesario facer entrega dunha copia dos seus estatutos de constitución. A continuación, facilitaráselle á empresa un número de identificación fiscal para estranxeiros. A empresa deberá pagar os impostos correspondentes aos beneficios que obteña en España.

A segunda opción consiste en abrir unha oficina filial en España. O procedemento neste caso é o mesmo que o de calquera empresa de nova constitución. O representante da empresa deberá firmar perante notario a escritura de constitución da sociedade, obter o número de identificación fiscal, darse de alta no imposto de actividades económicas correspondente á actividade que desexe desenvolver e solicitar a alta na Seguridade Social. A empresa será independente desde o punto de vista legal, fiscal e financeiro, e estará suxeita ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

Unha terceira posibilidade, e tal vez a máis habitual, é a asociación dunha produtora estranxeira cunha produtora local, que presta os seus servizos a cambio dunha retribución previamente pactada ou establece coa empresa estranxeira un réxime de coprodución.

7.2.- Transportes e aduanas

As producións cuxo equipo técnico e/ou humano proceda doutro país total ou parcialmente, así como as empresas españolas que decidan rodar no estranxeiro, teñen que prever e organizar a súa actividade de acordo coa lexislación vixente de transportes e aduanas. De acordo con ela, non é necesario facer ningunha declaración nin pagar ningún tipo de taxa para transportar material entre os países da Unión Europea debido á abolición das fronteiras fiscais entre os estados membros.

Os estados membros da Unión Europea son vinte e cinco: Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa e Suecia. Ademais destes países, outros catro estados (Bulgaria, Croacia, Romanía e Turquía) presentaron as súas candidaturas de ingreso, aínda que de momento non forman parte da Unión.

O **transporte de material** entre países non membros da UE réxese polas condicións do chamado **Caderno ATA**, un formulario expedido pola Cámara de Comercio e Industria (ou o seu equivalente) de cada país, que permite exportar material audiovisual de maneira temporal. Cada país determina a contía do aval ou cheque bancario que é obrigatorio deixar en concepto de depósito.

• *Países que esixen un depósito do 100% sobre o total do material*

Alxeria, Botswana, Croacia, Estonia, India, Israel, Lesotho, Líbano, Lituania, Macedonia, Marrocos, Namibia, Rusia, Sudáfrica, Swazilandia, Tailandia, Túnel, Turquía e China.

• *Países que exigen un depósito del 50% del total del material*

Australia, Bulgaria, Canadá, Corea do Sur, Costa de Marfil, Eslovaquia, Eslovenia, Estados Unidos, Xibraltar, Guadalupe, Hong Kong, Hungría, Islandia, Xapón, Malaisia, Malta, Martinica, Mauricio, Noruega, Nova Caledonia, Nova Zelandia, Polonia, Chequia, Romanía, Saint Pierre et Miquelon, Senegal, Singapur, Sri Lanka, Suíza, Tahití e Chipre.

Canarias e Andorra esixen un **depósito do 25% do total do material** salvo no caso de grupos musicais e teatrais. O resto de territorios non mencionados nas relacións anteriores non esixen ningún tipo de depósito, aínda que se recomenda poñerse en contacto co consulado correspondente co fin de concretar os trámites. A reimportación do material tense que facer durante o período de validez do Caderno ATA.

O **transporte de animais** entre países non comunitarios require un permiso previo do Ministerio de Agricultura. Se o transporte se produce entre países comunitarios, en cambio, o permiso outórgao o departamento de Medio Ambiente. Este permiso está suxeito a certas restricións, conforme ás cales todos os animais teñen que pasar un control veterinario. Se o médico o considera oportuno, incluso se poden someter a un período de corentena.

O **transporte de material cinematográfico** impresionado ou revelado supón sempre un proceso de exportación. A película debe reenviarse ao país de orixe en réxime de reexportación simple incluso nos casos nos que se impresionara o revelado en España. Cando a película non se revelara en España, a lata deberá incluír unha nota en inglés coa lenda “Do Not Open” e “Do Not X-Ray” a fin de evitar danos na película por apertura ou exposición a raios X.

7.3.- Seguros

Como é natural, todas as compañías produtoras que acometan unha rodaxe cinematográfica dispoñerán de un ou de varios seguros que cubran todos os riscos da produción nas súas diferentes etapas. Moitas empresas e institucións relacionadas co mundo do cine esixen constancia da existencia do seguro antes de conceder permisos ou servizos.

O chamado seguro de responsabilidade civil cobre todos os posibles danos que o persoal dunha produción poida causar a terceiras persoas. Pode tramitarse nunha empresa local ou estranxeira, pero sempre debe estar vixente desde que se inicie a produción ata que finalice o labor de pos-produción.

Moi habitual é tamén o seguro de material gravado ou do negativo, que cobre os danos ou perdas que poidan sufrir os negativos das películas durante a rodaxe, as súas diversas manipulacións, almacenaxe e transporte. As compañías produtoras, ademais, poden contratar outro tipo de seguros a fin de protexer os diferentes recursos empregados nun proxecto, tales como decorados, vestiario, animais, cámaras, etcétera.

A contratación destes seguros é un tema complexo que varía en función da magnitude e características individuais de cada produción, por iso a SCFC recomenda tramitalos con empresas afeitas a traballar coa industria audiovisual.

7.4.- Lexislación laboral

De acordo coas leis laborais de España, toda persoa que traballe dentro do seu territorio debe, sen excepcións de ningún tipo, estar contratado ou ser profesional autónomo. As condicións de contratación varían dependendo de se o persoal que se vai contratar é comunitario ou extracomunitario. A contratación de traballadores incluídos na primeira categoría segue os mesmos procedementos que calquera español en virtude da libre circulación de mercadorías, persoas, servizos e capitais garantidas pola Unión Europea. Unicamente se require un número de identificación para estranxeiros (o NIE, outorgado polo Goberno Civil) para poder firmar un contrato estándar. No caso dos profesionais autónomos, adóitase recorrer ao uso de facturas intracomunitarias.

As empresas españolas que estean interesadas en contratar persoal extracomunitario deberán presentar a documentación necesaria na Subdelegación do Goberno. A través do consulado do país de orixe do traballador recibirá unha resposta a partir dun prazo de noventa días. Convén ter presente que durante o tempo que dure a tramitación do permiso de traballo, o traballador non pode desempeñar



ningunha actividade laboral. Nalgunhas ocasións, son os propios traballadores quen deciden realizar os trámites para a obtención do permiso de traballo. Do mesmo xeito que no caso anterior, deberán-se pór en contacto coa sede da Subdelegación do Goberno que lles corresponda.

A **Seguridade Social** é o sistema a través do cal o Estado Español lles garante ás persoas comprendidas no seu campo de aplicación, así como aos familiares que teñan a seu cargo, a protección adecuada fronte ás continxencias e nas situacións que contempla a lei. A súa principal normativa está recollida na Lei Xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de xuño.

A acción protectora da Seguridade Social comprende un conxunto de prestacións e medidas que teñen por obxecto previr, reparar ou superar os estados de necesidade derivados de certas continxencias, como poden ser a alteración ou perda de saúde, a incapacidade temporal ou permanente, a xubilación, as cargas familiares e a perda total ou parcial de traballo. Para determinar que persoas están incluídas na Seguridade Social hai que partir da distinción entre prestacións contributivas e non contributivas. Son prestacións contributivas aquelas que requiren previa cotización á Seguridade Social. As non contributivas, pola contra, non esixen cotización e fináncianse con cargo aos orzamentos do Estado.

A efectos de prestacións contributivas, están incluídos no sistema de Seguridade Social todos os españois así como os estranxeiros que residan ou se encontren legalmente en España, calquera que sexa o seu sexo, estado civil e profesión, que residan e exerzan normalmente a súa actividade en territorio nacional e se atopen comprendidos nalgún dos apartados seguintes:

- traballadores por conta allea ou asimilados a eles
- traballadores por conta propia ou autónomos maiores de dezaioito anos
- socios traballadores de cooperativas de traballo asociado
- estudantes
- funcionarios públicos, civís e militares

A efectos de prestacións non contributivas estarán comprendidos no sistema da Seguridade Social todos os españois residentes en territorio nacional, así como os hispanoamericanos, portugueses, brasileiros, andorranos e filipinos que residan no territorio español. A situación do resto de nacionais depende do que dispoñan os tratados, convenios ou instrumentos ratificados. España firmou tratados bilaterais sobre Seguridade Social cos seguintes países: Andorra, Alemaña, Arxentina, Australia, Austria, Bélxica, Brasil, Canadá, Chile, Dinamarca, Ecuador, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Irlanda, Italia, Luxemburgo, México, Marrocos, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, Reino Unido, Rusia, Suecia, Suíza, Uruguai e Venezuela.

No réxime xeral estarán incluídas as persoas maiores de dezaseis anos e estranxeiros que residan ou se encontren actualmente en España, calquera que sexa o seu sexo, estado civil e profesión, sempre que concorran neles a condición de traballadores por conta allea, nas distintas ramas da actividade económica, incluídos os que sexan a domicilio e comprendidos os eventuais de temporada ou fixos, incluso de traballo discontinuo, sexa cal sexa a categoría profesional e a forma e a contía da remuneración que perciba.

A especial natureza dalgunhas actividades profesionais determinou que xunto ao Réxime Xeral existan unha serie de réximes especiais: agrario, de traballadores do mar, de empregados do fogar, da minería do carbón e dos autónomos. Neste último quedan comprendidos todos os traballadores autónomos que sexan españois residentes en España ou estranxeiros que residan ou se atopen legalmente en España, maiores de dezaioito anos, que exerzan a súa actividade en territorio nacional. A estes efectos enténdese por traballador autónomo aquel que de forma habitual, persoal e directa realiza unha actividade económica a título lucrativo, sen estar suxeito por isto a un contrato de traballo e aínda que empregue o servizo remunerado doutras persoas.

A xestión do Sistema de Seguridade Social español atribúese, entre outros, a tres entes públicos con personalidade xurídica propia, adscritos ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través da

Secretaría de Estado da Seguridade Social: o **Instituto Nacional da Seguridade Social** (INSS), a **Tesourería Xeral da Seguridade Social** (TGSS) e o **Instituto Social da Mariña** (ISM). A xestión lévase a cabo por unha serie de entidades xestoras, servizos comúns, entes autónomos e entidades colaboradoras así como polos servizos competentes das comunidades autónomas que teñan transferidas as competencias (no caso de Galicia o SERGAS, Servizo Galego de Saúde). As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais e as empresas colaborarán voluntaria ou obrigatoriamente na xestión da seguridade social.

Desde o punto de vista legal considérase que salario é a totalidade das percepcións económicas en especie ou cartos dos traballadores correspondentes á prestación profesional dos seus servizos laborais. O salario base é a retribución do traballador por unidade de tempo ou obra sen ter en conta ningunha circunstancia. O resto de percepcións económicas do traballador son os **complementos salariais** ou incentivos, que poden ser de cinco tipos:

- *Persoais*: dependen das condicións persoais de cada traballador que non foron valoradas no momento de estipular o salario base. Por exemplo, o coñecemento dalgún idioma ou a posesión dun título académico.
- *De lugar de traballo*: dependen do tipo de riscos que leve asociada a actividade desempeñada polo traballador, como toxicidade, perigosidade ou nocturnidade, entre outros.
- *Por calidade ou cantidade de traballo*: derívanse dunha mellora cualitativa ou cuantitativa do traballo (horas extraordinarias, incentivos de actividade, etcétera).
- *De vencemento periódico superior ó mes*: trátase de percepcións cunha periodicidade superior a trinta días, como poden ser as pagas extraordinarias ou a participación nos beneficios da empresa, entre outros.
- *En especie*: remuneracións que o asalariado percibe en forma de bens non monetarios (manutención, aloxamento...).

Ademais destes complementos salariais, o traballador pode percibir compensacións económicas polos gastos que se orixinen no desenvolvemento da súa actividade laboral, como por exemplo gastos anticipados pola execución do traballo, medios de locomoción, etcétera.

O regulamento básico despois da Constitución é o Estatuto dos Traballadores (ET), que se aprobou o dez de marzo de 1980, e regula os contratos individuais de traballo, a negociación colectiva e a representación dos traballadores na empresa. En 1994, o Goberno español acometeu unha profunda reforma do regulamento laboral que trouxo asociada unha maior flexibilidade laboral, favorecendo a mobilidade de traballo e incorporando novas modalidades de contratación. Existen ademais, numerosas leis e decretos que regulan os contratos especiais de traballo: de prácticas, de aprendizaxe, de alta dirección, etcétera.

Os **contratos**, xa sexan de duración determinada ou indefinida, son de diferentes tipos. En Galicia, permítense os seguintes contratos temporais de traballo:

- *Contratos para a realización dunha obra ou servizo determinado*: a súa duración será a necesaria para a conclusión da obra ou servizo para o que se concertou.
- *Contratos eventuais por circunstancias da produción*: prodúcense por circunstancias eventuais do mercado, como a acumulación de tarefas ou o exceso de pedidos. Duran seis meses como máximo dentro dun período de doce meses.
- *Contratos de interinidade*: utilízanse para a substitución dos traballadores dunha empresa (con dereito á reserva do seu posto de traballo) durante un período de tempo determinado, ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante un proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva.
- *Contratos para o lanzamento dunha nova actividade*: a súa duración oscila entre un mínimo de seis meses e un máximo de tres anos.



• *Contratos para o fomento de emprego*: a orixe deste tipo de contratos remóntase a 1984, ano en que foron creados a fin de xerar un maior volume de emprego. Actualmente, o réxime de fomento de emprego establécese anualmente, determinando que tipo de traballadores poden ser contratados ó amparo do mesmo.

Outra modalidade de contratación son os contratos *a tempo parcial*, entendendo por tales todos aqueles contratos nos que o traballador presta servizos durante un número de horas ó día, á semana, ó mes ou ó ano, inferior ó considerado como habitual na actividade de que se trate en ditos períodos de tempo. Nestes casos os salarios e as contribucións á Seguridade Social son proporcionais ó tempo efectivo de traballo. Os contratos de traballo a tempo parcial poden ser de duración indefinida ou temporal nos supostos nos que está legalmente permitida esta modalidade.

A Lei 10/1994, de 19 de maio, de Medidas Urxentes de Fomento da Ocupación, establece un novo réxime para os *contratos formativos*, que pretenden combinar o traballo efectivo e a formación. Co novo regulamento destes contratos prodúcese unha reforma do antigo contrato en prácticas e suprímese o contrato para a formación, que é substituído polo contrato para a aprendizaxe.

Os *contratos de prácticas* permítenlles ás empresas empregar mozos que se acaban de licenciar e están interesados en adquirir experiencia práctica na súa área de coñecemento dentro da empresa. A súa duración non pode ser inferior a seis meses nin superior a dous anos.

Baixo a modalidade de *contratos de aprendizaxe*, mozos entre dezaseis e vinte e cinco anos e minusválidos que non teñan a titulación requirida para formalizar un contrato en prácticas poden ser empregados co fin de proporcionarlles unha formación teórica e práctica á vez que prestan os seus servizos e son retribuídos por isto. A duración destes contratos non pode ser inferior a seis meses nin exceder de tres anos, excepto que por convenios colectivos sectoriais se fixen duracións distintas.

O Dereito laboral español trata dunha maneira especial a **contratación de menores de idade** para espectáculos públicos. Para contratar un menor de idade é necesario enviar unha autorización dos proxenitores ou dos responsables legais a un inspector, que se encargará de avaliar as condicións de traballo de acordo co papel que vai desempeñar o menor, a súa remuneración, o seu estado de saúde, e outros factores importantes tales como hixiene, seguridade, atmosfera, tempo de descanso, a falta de asistencia á escola, a supervisión paterna durante o período de rodaxe, etcétera. A solicitude debe presentarse cun mínimo dunha semana de antelación. No seguinte gráfico detállanse as horas de traballo permitidas dependendo da idade do menor.

Idade do Neno	Horas Permitidas
Menos de seis meses	Dúas horas no plató. Inclúe vinte minutos en cámara*.
De seis meses a dous anos	Catro horas en plató. Inclúe dúas horas en cámara.
De dous a seis anos	Seis horas en plató. Inclúe tres horas en cámara.
De seis a nove anos	Oito horas en plató. Inclúe catro horas en cámara.
De nove a dezaseis anos	Nove horas en plató. Inclúe cinco horas en cámara. Días sen colexio: sete horas en cámara.
Dezaseis e dezasete anos	Dez horas en plató. Inclúe seis horas en cámara. Días sen colexio: oito horas en cámara.

* Un bebé non pode ser exposto a unha luz de máis de 100 footcandle durante máis de trinta segundos cada vez.

Así mesmo, Galicia ofrece unha gran variedade de **incentivos á creación de emprego**, tanto do goberno autonómico (Xunta de Galicia) coma do goberno central. Tales incentivos poden consistir en subvencións á contratación indefinida ou, nalgúns casos, á contratación temporal.

O regulamento básico destes incentivos encóntrase no Decreto 52/1994 de 4 de marzo, que é complementado á súa vez por diversas ordes. Ademais, existen unha gran variedade de subvencións e axudas para a contratación de minusválidos, así como para a creación de cooperativas e sociedades anónimas laborais e o establecemento de traballadores autónomos.

En canto ó **subsidio de desemprego e pensións**, toda persoa que cotizara no réxime xeral da Seguridade Social ten dereito a recibir o subsidio de desemprego e a pensión de xubilación. A duración do subsidio de desemprego calcúlase en función dos períodos de ocupación cotizados. No caso da pensión, un traballador ten dereito a recibila despois de ter traballado durante un período mínimo de quince anos.

Nas rodaxes, as empresas produtoras con traballadores deberán cumprir unhas **normas de seguridade e hixiene obrigatorias**. As mutuas de traballadores encárganse de supervisar o cumprimento desta normativa. A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, é a norma legal pola que se determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un axeitado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz.

7.5.- Lexislación fiscal

O regulamento mercantil básico en Galicia constitúeo o Código de Comercio Español, que foi modificado e complementado por unha gran variedade de leis, decretos e ordes regulamentadoras da estrutura e funcionamento dos diferentes tipos de **sociedades mercantís**.

- **Sociedades Anónimas**: é a sociedade capitalista por excelencia. O seu capital está formado polas achegas dos socios, que non son persoalmente responsables das débedas da sociedade e non teñen dereito a ser administradores da mesma só polo feito de ser socios. Está regulamentada polo Código de Comercio e o Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas aprobado mediante Real Decreto 1564/1989 de 22 de decembro, que adaptou o regulamento deste tipo de sociedades ás directivas comunitarias. A normativa das sociedades foi modificada recentemente, regulamentándose expresamente as sociedades anónimas dun só socio ou unipersoais.

- **Sociedades de responsabilidade limitada**: estas sociedades participan de certas características das sociedades anónimas e de certas características das sociedades personalistas. Os seus socios non son responsables persoalmente das débedas sociais, e tampouco teñen dereito automático para participar na administración da sociedade polo mero feito de ser socios. As sociedades de responsabilidade limitada encóntranse regulamentadas polo Código de Comercio e pola Lei 2/1995, de 23 de marzo, de Sociedades de Responsabilidade Limitada. Ao igual que acontece coas sociedades anónimas, a nova normativa regula expresamente as sociedades de responsabilidade limitada dun só socio.

- **Sociedade Colectiva**: é unha sociedade personalista. Os seus socios son persoal, solidaria e ilimitadamente responsables das débedas da sociedade e todos os socios teñen dereito a participar na dirección e administración da compañía.

- **Sociedades en Comandita**: están integradas por socios colectivos e comanditarios. Os socios colectivos teñen os mesmos dereitos e obrigas que os socios das sociedades colectivas. Os socios comanditarios están obrigados a realizar a súa achega á sociedade, non son responsables persoalmente das débedas da compañía e non teñen dereito a participar na dirección e administración da sociedade. Un tipo especial de sociedades comanditarias é a *Sociedade Comanditaria por accións*, nas que como o seu propio nome indica, o capital de todos os socios comanditarios está representado por accións.



Para a **constitución** de calquera destas sociedades mercantis en Galicia, é necesario o outorgamento polos socios fundadores da escritura de constitución da empresa perante un notario. A escritura debe conter todas aquelas mencións que identifican a sociedade e regulamentan o seu funcionamento, como a súa denominación, domicilio, capital, duración e data de comezo de operacións. Oficialmente, a sociedade adquire personalidade xurídica cando a escritura de constitución se escribe no Rexistro Mercantil da provincia do seu domicilio. No noso caso, o Rexistro Mercantil da Coruña, situado na rúa Novoa Santos, 5-7-9, 1º, código postal 15006 da antedita cidade. O proceso de constitución dunha sociedade mercantil en Galicia é de aproximadamente uns dous meses, sen embargo, a nova compañía pode empezar a operar antes da súa inscrición no Rexistro Mercantil. Os custos inherentes á constitución dunha sociedade son un 1% do importe do seu capital por imposto sobre Transmisións Patrimoniais e os gastos de notaría e rexistro calculados por arancel.

É importante sinalar que calquera destas sociedades pode establecer acordos con unha ou máis empresas para a constitución dunha **agrupación de empresas** sen prexuízo da súa independencia legal ou financeira. As agrupacións de empresas poden ter a súa orixe en diferentes clases de relacións contractuais entre empresarios, e serven para facilitar o desenvolvemento en común das actividades dos seus membros. As principais agrupacións de empresas recoñecidas legalmente en Galicia son as seguintes:

Agrupacións de Interese Económico (AIE):

Son unha forma de asociación de empresas con personalidade xurídica propia que foi introducida en España pola Lei 12/1991, de 19 de abril. As normas das sociedades colectivas que resulten compatibles coa natureza das AIE son de aplicación subsidiaria.

O obxectivo último deste tipo de agrupación de empresas é o desenvolvemento no mercado español das funcións desenvolvidas a nivel europeo polas Agrupacións Europeas de Interese Económico. Poden estar constituídas por sociedades, empresarios, comerciantes, profesionais ou entidades non lucrativas de investigación, e tamén neste caso é necesaria a súa inscrición no Rexistro Mercantil a través dunha escritura de constitución. Os socios destas agrupacións son responsables persoal e solidariamente das débedas, sen embargo esta responsabilidade é subsidiaria da AIE.

A normativa sobre o Imposto de Sociedades (Lei 43/1995 de 27 de decembro), en vigor desde o 1 de xaneiro de 1996, establece un réxime especial de tributación para as AIE. Estas entidades tributan en réxime de transparencia fiscal, coas seguintes excepcións:

- Non tributan no imposto sobre sociedades pola parte de base imponible correspondente aos socios residentes no territorio español, que se lle imputará a ditos socios.
- Non se aplican limitacións respecto á imputación de bases impositivas negativas.
- Este réxime especial non é aplicable nos períodos impositivos nos que a AIE realice actividades distintas ás do seu obxecto ou posúa participacións en sociedades que son membros seus ou dirixan as actividades dos seus socios ou terceiros.

A constitución, contribución polos socios e a súa redución, disolución e liquidación están exentos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Agrupacións Europeas de Interese Económico:

Regulamentadas polo Regulamento CEE 2137/1985 de 25 de xullo, as agrupacións europeas de interese económico réxense polas disposicións da lei española sobre AIE naqueles aspectos que o regulamento citado habilite ou remita á lexislación interna.

Da mesma forma que as agrupacións do caso anterior, as agrupacións europeas de interese económico gozan dun réxime especial de tributación regulamentado pola normativa sobre o imposto de sociedades de 1995. En termos xerais, estas agrupacións non tributan polo imposto de sociedades, senón polo réxime de transparencia fiscal, non sendo de aplicación as limitacións respecto á imputación de bases impositivas negativas. Establécese, ademais, un réxime especial de tributación dos seus

socios dependendo de se son residentes ou non en territorio español. As exencións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados son as mesmas que no caso das AIE.

Unións Temporais de Empresas:

Trátase dun sistema de colaboración entre empresarios por certo tempo, determinado ou indeterminado, co fin de desenvolver unha obra, servizo ou subministración. Non ten personalidade xurídica propia e os seus membros non son responsables das súas actividades e operacións. Este tipo de sociedades está recoñecida desde 1982 (Lei 18/1982 de 26 de maio) e contéplanse así mesmo no Regulamento do Imposto de Sociedades de 1995. Ambas as leis establecen o réxime fiscal deste tipo de agrupación.

Sucursais de sociedades estranxeiras

As sucursais de sociedades estranxeiras establecidas en Galicia non dispoñen de personalidade xurídica independente da súa sociedade matriz. Para proceder á súa creación requirense dúas cousas: o outorgamento dunha escritura de constitución perante notario e a súa inclusión no Rexistro Mercantil. Neste último organismo haberá que achegar a seguinte información:

- estatutos e escritura de constitución da sociedade estranxeira
- acta de reunión do consello de administración de dita sociedade na que se resolveu a apertura da sucursal, con todos os detalles sobre dotación, apoderados e representantes
- certificado emitido por unha entidade bancaria española acreditando que os fondos asignados na acta de reunión foron efectivamente transferidos a España

En xeral, os custes inherentes á creación dunha sucursal representan o 1% do capital asignado en concepto de Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e os custes de notario e rexistro calculados segundo arancel.

Comerciante Individual

Con suxeición ás disposicións legais, calquera persoa física pode establecer o seu propio negocio en Galicia con responsabilidade limitada.

7.6.- Sistema fiscal

O sistema impositivo en Galicia é moi similar ao do resto de Europa. Componse de impostos directos e indirectos que poden ser recadados polo Estado, a Comunidade Autónoma ou os Concellos, aínda que os impostos estatais son os cuantitativamente máis importantes. A recadación dalgúns impostos, en virtude da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, é competencia exclusiva do Goberno Autonómico. Entre estes impostos atópanse o Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Tanto as empresas coma os profesionais autónomos deberán pagar unha serie de impostos de acordo coa actividade que realicen. Os máis importantes son os seguintes:

7.6.1.- Imposto sobre actividades económicas (IAE)

É un imposto indirecto de carácter local no que deben darse de alta todos os profesionais do territorio español (incluíndo compañías estranxeiras establecidas en España) para poder exercer a súa actividade, malia non ter que pagar nada na actualidade. En Santiago de Compostela, o departamento encargado da xestión, liquidación e inspección dos tributos locais, entre os que se encontra o IAE, é o de Xestión Tributaria, situado na Rúa Galeras, 7 baixo.



7.6.2.- Imposto sobre o valor engadido (IVE)

En España, ao igual que acontece en moitos outros países europeos, cárgase unha taxa porcentual sobre a venda de produtos e sobre a prestación de servizos. A taxa, no caso das empresas establecidas en territorio español, dedúcese a partir das facturas que unha empresa emite (IVE transferido) e que recibe (IVE soportado). Toda a documentación pertinente ten que presentarse na delegación de Facenda que corresponda coa finalidade de liquidar os impostos.

Os estranxeiros comunitarios, en cambio, poden recuperar o IVE dos servizos recibidos e do material comprado no territorio español sempre que poidan acreditar desde o país de orixe que son suxeitos pasivos de IVE, tramitando para isto o impreso correspondente nas entidades competentes de cada país.

Os estranxeiros non comunitarios só poden solicitar a devolución do IVE se se trata dun país que teña convenio de colaboración co Estado Español, como é o caso de Canadá, Hungría, Xapón, Mónaco e Suíza. Algúns profesionais autónomos ou traballadores free-lance están exentos de IVE, como é o caso dos que desenvolven actividades artísticas: actores, guionistas e intérpretes, entre outros.

7.6.3.- Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF)

O IRPF é un imposto directo que se calcula en función da actividade que se deu de alta. Tanto as persoas físicas residentes en España como as non residentes están sometidas ó IRPF. As persoas que residan en España durante máis de 183 días ao ano considéranse *residentes* a efectos impositivos, e a totalidade da súa renda e patrimonio están suxeitos ao imposto español.

No caso dos *non residentes* en España, só as rendas e incrementos de patrimonio producidos en España e o seu patrimonio suscitado en España están suxeitos a este imposto. Os profesionais deberán aplicarlle á factura que xeran a retención dun 7% durante os tres primeiros anos de actividade comercial e dun 15% a partir do terceiro ano.

7.6.4.- Imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e operacións societarias

É un imposto indirecto que se aplica en xeral ás transmisións de bens que non estean suxeitas ó IVE e á constitución, disolución, ampliacións e reducións de capital de sociedades.

O cadro seguinte mostra a situación impositiva básica das diferentes formas de empresa respecto ós principais impostos:

Tipo de Negocio	Impostos Directos	Impostos Indirectos
Sucursal ou establecemento permanente	Imposto de Sociedades 35%	IVE/ Imposto de Transmisións
Filial en España	Imposto de Sociedades 35%	IVE/ Imposto de Transmisións
Sociedade Capitalista	Imposto de Sociedades 35%	IVE/ Imposto de Transmisións
Sociedade Personalista	Imposto de Sociedades 35%	IVE/ Imposto de Transmisións
Agrupacións de Empresas	Transparencia Fiscal	IVE/ Imposto de Transmisións
Comerciante Individual	Imposto Renta hasta un máximo del 48%	IVE/ Imposto de Transmisións

7.6.5.- Dereitos da obra audiovisual

A Lei 16/1999 de 1 de setembro do audiovisual de Galicia, establece, no exercicio das competencias que lle son propias á comunidade autónoma, os principios xerais e as liñas de acción institucional do sector audiovisual, ao cal considera estratéxico e prioritario, así coma os seus mecanismos de fomento.

Como consecuencia desta lei fixéronse no noso territorio unha serie de iniciativas e proxectos como son a constitución do **Consorcio do Audiovisual de Galicia**, concibido como unha entidade pública para o fomento e a potenciación das actividades tendentes ao desenvolvemento do sector audiovisual, ou a posta en marcha da **Film Commission de Galicia**.

Recentemente, creouse ademais o **Comité Asesor do Futuro Clúster** (agrupación de empresas do mesmo sector) **do Audiovisual de Galicia** (de próxima creación), entre cuxos fins destaca a formulación de proxectos de innovación, investigación e desenvolvemento do sector, ou aumento da súa capacidade competitiva, a formación permanente dos seus recursos humanos, a busca de novos mercados e, en definitiva, a dinamización do tecido industrial.

A **Lei da Propiedade Intelectual** é o documento xurídico que regula os dereitos das obras audiovisuais e dos seus autores. De acordo co artigo 86 de dita lei, considéranse obras audiovisuais todas as creacións expresadas mediante imaxes asociadas, con ou sen sonorización incorporada, que estean destinadas esencialmente a ser mostradas a través de aparatos de proxección ou por calquera outro medio de comunicación pública da imaxe e do son, con independencia da natureza dos soportes materiais de ditas obras.

Dentro das obras audiovisuais a lei distingue así mesmo entre *obras en colaboración*, resultado unitario da colaboración de varios autores, cuxos dereitos corresponden a todos eles, e as *obras colectivas*, é dicir, creadas por iniciativa e baixo a coordinación dunha persoa física ou xurídica que a edita e divulga baixo o seu nome, e está constituída pola reunión e achega de diferentes autores, cuxa contribución persoal se funde nunha creación única. Neste caso, salvo pacto contrario, os dereitos sobre a obra colectiva corresponderánlle á persoa que edite e divulga baixo o seu nome.

A lei considera *autor* á persoa natural que crea algunha obra literaria, artística ou científica. As obras cinematográficas e audiovisuais comportan tres tipos de autoría diferentes que deben ser debidamente rexistradas:

- O *director-realizador*: persoa que asume a responsabilidade e autoridade máxima da parte artística e técnica da obra, desde a súa preparación ata a entrega ao empresario da primeira copia, con subordinación á empresa produtora.

-Os *autores do argumento, adaptación, guión e diálogos*:

- *Autor do argumento ou argumentista*: o profesional que crea unha obra orixinal cuxa finalidade inmediata é servir de base para a confección do guión dunha obra audiovisual.
- *Autor da adaptación ou adaptador*: aquel profesional que, partindo dunha obra existente, transfórmaa de tal maneira que sirva de antecedente a un guión.
- *Guionista*: o profesional que, partindo dun elemento literario previo, dá orixe a unha creación que contén suficientes elementos literarios ou técnicos como para servir de guía na transferencia da creación escrita a imaxes, é dicir, ao guión.
- *Autor dos diálogos ou dialoguista*: aquel profesional que lle dá forma á locución do conxunto de interpretacións que se integrarán na obra audiovisual que forma parte do guión.
